

Ano
2022

P
ROJECTO

E
DUCATIVO

CEIP PLURILINGÜE DE PALMEIRA

ÍNDICE

1.ANTECEDENTES DO PROXECTO EDUCATIVO.	8
2. INTRODUCCIÓN	11
3.- BASE LEXISLATIVA	15
4. ANÁLISE DO CONTEXTO	22
4.1.- Datos de identificación	22
4.2. Contextualización dende o punto de vista normativo.	22
4.3. Descrición da Contorna: A parroquia de Palmeira	25
4.4. Área de influencia do centro	25
4.5. Poboación	25
4.6.Vivenda	26
4.7.A familia	27
4.8. Actividade laboral . Nivel socio-económico	27
4.9. Actividade cultural	29
4.10. O tempo libre dos nenos e nenas	29
4.11.- Lingua empregada	31
5.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	32
5.1.- O edificio e as instalacións	32
5.2.- Unidades	33
5.3.- Persoal do centro	33
5.3.1.- Persoal docente	33
5.3.2.- Persoal non docente	34
5.4.- Servizos complementarios	34
5.5.- Ofertas educativas	34
6.NOTAS DE IDENTIDADE	35

7.PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO	41
7.1. Principios educativos	41
7.2. Obxectivos Xerais	41
7.2.1. Obxectivos xerais de Educación Infantil	41
7.2.2. Obxectivos xerais de Educación Primaria	42
7.3. Obxectivos no ámbito curricular	44
7.3.1. Competencia Clave	44
7.3.2.- Avaliación	47
7.3.3.- A titoría	48
7.4. En relación coas notas de identidade	48
7.4.1.- Desenvolvemento autónomo e solidario	48
7.4.2.- Valores democráticos	49
7.4.3.- Comunicación	49
7.4.4.- Coeducación e non discriminación	51
7.4.5.- Educación Medio Ambiental	51
7.4.6.- Como resultado da metodoloxía	51
7.4.6.- Comunidade Educativa	51
8.ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO	52
8.1. Estrutura Práctica de participación de todos os membros da Comunidade Educativa	54
8.2. Estrutura Organizativa de Centro	55
8.2.1. Órganos de Goberno	55
8.2.1.1. Órganos Unipersoais	55
8.2.1.2. Órganos Colexiados	55
8.2.1.3. Órganos Coordinación Docente	58
8.2.1.4. Equipo de Ciclo de Educación Infantil	59



8.2.1.5. Equipo docente	59
8.2.1.6. Equipos de traballo	59
8.2.1.6.1. EDLG	59
8.2.1.6.2. Equipo de Biblioteca	63
8.2.1.6.3. Equipo de Medio Ambiente	66
8.2.1.6.4. Equipo de Novas Tecnoloxías	66
8.2.1.6.5. Equipo Plurilingüe	67
8.2.1.6.5. Equipo Tixosa e Radio Escolar	67
8.2.1.6.6. Comisión de Coordinación Pedagóxica	67
8.3. Departamento de Orientación	69
8.4. Titorías	69
8.5. Coordinación entre o Equipo Directivo, o coordinador/a do Ciclo de Educación infantil, titores/as e demais Equipos	69
8.6. Organización práctica de participación de todos os membros da Comunidade Educativa	69
8.7. Escolarización	68
8.8. Calendario	71
8.9. Horario	71
8.10. Recreos	71
8.11. Tarefas extraescolares	73
8.12. Participación en programas institucionais. Colaboracións	73
8.13. Centros adscritos	79
8.14. Oferta de Idiomas	79
8.15. Oferta relixiosa	79
8.16. Atención educativa ao alumnado que non opte polo ensino da relixión	76
8.16.1. Atención Educativa	76



8.16.2. Valores Sociais Éticos	77
8.17. Oferta educativa do Centro en canto a Recursos e Actividades Complementarias e Extraescolares	77
8.18. Recursos educativos complementarios	78
8.19. A.N.P.A.	81
8.20. Normas para a utilización das instalacións do centro por institucións, asociacións, ...	81
9.CONCRECIÓN CURRICULAR	83
9.1. Adecuación dos obxectivos xerais de Etapa	83
9.2. Distribución horaria das materias en Educación Primaria	83
9.3. Contribución de cada área á consecución das Competencias Clave en Educación Primaria	83
9.4.Incorporación, a través das distintas áreas e materias, da Educación en Valores	92
9.4.1. Educación en valores en Educación Infantil	92
9.4.2. Educación en valores en educación Primaria	92
10. METODOLOXÍA XERAL	101
10.1. Aspectos xerais das programacións docentes	101
10.2. Programación didáctica en Educación Infantil	106
10.3. Programación didáctica en Educación Primaria	106
10.4. Liñas xerais de atención á diversidade	108
10. 5. Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial	109
11. AVALIACIÓN	110
11.1. Avaliación en Educación Infantil	110
11.2. Avaliación inicial	110



11.3. Avaliación continua	111
11.4. Avaliación final	111
11.5. Avaliación e Educación Primaria	112
11.6. Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado	114
11.6.1. Promoción de curso e de etapa	114
11.6.2. Avaliación do alumnado con NEAE	115
11.6.3. Exención da materia de Lingua Galega	115
11.6.4. Plan específico para permanecer un ano máis no mesmo curso	115
11.7. Sesión de avaliación. Procedemento	118
11.8. Avaliación da práctica docente	118
11.9. Indicadores da avaliación da Práctica docente	118
11.10. Avaliación do Proxecto Educativo	119



1. ANTECEDENTES DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO DO CEIP PLURILINGÜE DE PALMEIRA

Durante os Cursos 91/92 e 92/93, á vista da necesidade de contar cun documento que recollese as liñas xerais de actuación do colexio, o profesorado do centro involucrouse na elaboración do PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC). Este documento foi aprobado na súa totalidade polo Claustro e o Consello Escolar do centro con data 29 de Xuño de 1993.

Posteriormente, nos cursos 97/98 e 98/99, viuse a necesidade de revisar parcialmente este primeiro documento para adaptalo á nova lexislación, dimanada da Consellaría de Educación con posterioridade á elaboración do mesmo, moi particularmente, ó Regulamento orgánico dos Centros de Educación Infantil e Primaria (Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, DOG do 21 de Outubro) e á Orde do 22 de Xullo do 1997 (DOG do 2 de Setembro) pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos centros escolares. Foron revisados algúns apartados como a Análise de Contexto, a Estrutura Organizativa e o Regulamento de Réxime Interno, incluídas a Normas de Convivencia, que foi preciso adaptar así mesmo á unha nova lexislación. O novo PEC Resultante foi aprobado polo Claustro e o Consello Escolar en Xuño de 1999.

Actualmente, este documento está fundamentado na LOE, Lei 2/2006 do 3 de maio e progresivamente irase adaptando a LOMCE, Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora de la calidade educativa. É este, polo tanto, un documento en continua revisión e actualización.

Este proxecto Educativo é un documento elaborado por e para a comunidade Educativa, despois dun proceso de reflexión e de busca de consenso para obter un marco global de referencia á institución escolar, permitindo unha actuación



coordinada e eficaz do equipo docente e de toda a comunidade educativa. Unos e outras nos acenos de identidade e concéntranse na realidade da contorna no que nos movemos.

O PE é un documento no que se recollen as Liñas de Identidade do C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira, os Obxectivos Xerais que pretendemos conseguir e a Estrutura Organizativa da que nos dotamos, na intención de sermos coherentes co contexto social no que o centro está inmerso. É tamén froito da análise, o debate e o consenso entre os diferentes sectores da Comunidade Educativa. É un documento en continua revisión e actualización.

Calquera persoa, docente ou pai/nai dun alumno ou alumna que se integre no noso centro poderá coñecer a través do PE as directrices do colexio, as estratexias de intervención e, en definitiva, a liña educativa que o centro persegue en toda a súa actuación.

Para a súa elaboración cambiamos a mirada cara a outro contexto e centrámonos máis nos intereses e necesidades das nenas e nenos e non nos das/os adultos. Queremos un documento vivo e transformador.

Dende a UNESCO, no seu informe da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI, sinalase que a educación é un tesouro que debemos coidar entre todo/as e que para responder os retos do século XXI, a educación ademais das dimensións de ensinar a coñecer, ensinar a facer e ensinar a ser, debe centrarse en ensinar a convivir, que require desenvolver a intelixencia interpersoal, a capacidade de empatía, de cooperación, de diálogo creativo entre outras capacidades.

É por iso que queremos compartir e facer partícipes das bases e marco de convivencia da nosa escola; porque no exercicio dunha comunicación amable, no asentamento e desenvolvemento duns valores claros e comúns está a base dunha boa convivencia na que nutrirnos todo o alumnado, familias e persoal docente e non docente.



2. INTRODUCCIÓN



O Proxecto Educativo (PE) é un instrumento para a xestión coherente co contexto escolar que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os obxectivos que se pretenden e expresa a estrutura organizativa do centro. No PE hai que ter en conta as variables que nos permitan contextualizar a Comunidade Educativa. Consideramos imprescindibles o contexto socioeconómico e cultural, as peculiaridades dos/as alumnos/as así como as concepcións educativas que pais e profesores mantemos para dotar ao Centro cun estilo propio, cos seus sinais de identidade, coa finalidade de garantir a coherencia na formación do noso alumnado. Neste proxecto establecemos as intencións educativas para os alumnos de Educación Infantil e Primaria. Estas intencións íranse determinando e detallando ao longo do proceso educativo sendo conscientes de que o van condicionar por responder a propósitos e finalidades que a sociedade asigna á escola no ámbito máis xeral dos valores e das actitudes, co carácter pluralista da sociedade. A normativa legal na que se apoia o PE atópase na LOE (Ley Orgánica 2/2006, de 3 de agosto, de educación), no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96) e na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se determinan aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02/09/1997). A mencionada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no seu artigo 121 matiza os aspectos que se deben recoller no PE:

- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación.
- As características do entorno social e cultural do centro.
- A concreción curricular que aprobe o claustro.
- Tratamento transversal das áreas da educación en valores e outras ensinanzas.
- Forma de atender á diversidade do alumnado.
- Plan de acción tutorial (PAT).



- O Plan de Convivencia (respectando o principio da non discriminación e da inclusión educativa como valores fundamentais así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na LODE (Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación).
- Promover a saúde a seguridade e o respecto : Estes eixes deben desenvolverse nunha contorna educativa amable e de coidado mutuo.
 - ✓ SAÚDE: Promover a práctica dunha boa saúde física, mental e emocional do alumnado, é fundamental para o seu proceso de crecemento, de aprendizaxe e de socialización.
 - ✓ SEGURIDADE: A concienciación da importancia de evitar e eliminar condutas de risco e violencia física e emocional como protección propia e dos demais.
 - ✓ RESPECTO: Por un mesmo, as persoas e a contorna como fundamento do florecemento dos valores, principios e actitudes positivas de aceptación, acollida, apoio mutuo, para que todas e todos poidan desenvolverse con dignidade.

Neste eido, o noso centro escolar se concede gran relevancia ás accións que promoven o coidado da saúde en todas as súas dimensións e a convivencia amable e respectuosa, como factores principais de aprendizaxe e desenvolvemento persoal e de prevención de situacións que interfieren na aprendizaxe: absentismo, violencia entre iguais, accidentes, enfermidades, saúde emocional, etcétera

Por todo isto, o PEC é un documento no que se recollen entre outros aspectos: as Liñas de Identidade do C.E.I.P Plurilingüe de Palmeira, os obxectivos xerais que pretendemos conseguir e a Estrutura Organizativa da que nos dotamos, na intención de sermos coherentes co contexto social no que o centro está inmerso. É tamén froito da análise, o debate e o consenso entre os diferentes sectores da Comunidade Educativa.



Calquera persoa, docente ou pai/nai dun alumno ou alumna que se integre no noso centro poderá coñecer a través do PEC as directrices do colexio, as estratexias de intervención e, en definitiva, a liña educativa que o centro persegue en toda a súa actuación.

Ademais, tendo en conta o artigo 87 do Decreto 374/1996 e partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e das do centro, fixará os obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá:

- a. A organización xeral do centro
- b. Os fins e as intencións educativas
- c. Os obxectivos do centro tendentes a lograr a normalización lingüística
- d. A adecuación ao contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten .
- e. O Regulamento de réxime interior do centro.
- f. A oferta do centro en canto a actividades e servizos.
- g. As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- h. As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

A pesar de que na LOE non se cita o RRI (documento que establece a forma democrática de organización que adopta cada centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa), tendo en conta a normativa vixente (Decreto 374/1996), este debe incorporarse ao PE 1.

De acordo coa normativa vixente referente á orientación debe de incorporarse o Plan de Orientación do centro, ademais do Plan de Acción Titorial (PAT), o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).



Así mesmo e tendo en conta o Decreto 1/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, deben incluírse o Proxecto Lector e o Plan de introdución das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Amparándose no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo tamén debe de incluírse o PLC Especificar que a formulación máis xeral das intencións educativas baséase no artigo 27.2 da Constitución Española así como nos principios recollidos no Capítulo I da LOE.

Estas intencións artículanse a través dos seguintes grandes eixes ou principios:

- a. A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b. A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c. A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como os que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d. A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Engadir, que non pretendemos esgotar todos os elementos dunha posible concepción educativa senón só destacar e priorizar os máis compartidos polos diversos sectores integrantes da comunidade educativa.



Indicar, por último, que temos que partir dun concepto de PE que será un documento vivo, cambiante, capaz de adaptarse ás novas necesidades que vaian xurdindo, ás novas características do alumnado, á nova normativa... introducindo as modificacións necesarias para poder acadar os obxectivos propostos.

3. BASE LEGISLATIVA:

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

a. Leis Marco

- Constitución Española. (B.O.E. 29/12/1978) Fundamentalmente, no artigo 27 e nos puntos que o desenvolven, figura recollido o dereito de todos á Educación, así como a Liberdade de Ensinanza.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. (B.O.E. 28/04/1981).

b. Lexislación Básica



- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (B.O.E. 04/05/2006)
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación, tendo en conta a nova redacción dada aos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 31 (apartados c, d, f e m) e do artigo 57, cos parágrafos ou letras, engadidos, segundo a LOE.
- Lei Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal (BOE nº 298, del 14-12-99).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género (BOE nº313, del 29-12-04).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística (D.O.G.: 14/07/1983)
- Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado, por unanimidade, no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia (DOG 25/05/2010).
- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino escolar (DOG 29/04/88) [Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88]
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (D.O.G. 21/10/1996). [C.E. 08/01/1997].
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (D.O.G. 02/09/1997).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.



- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Observatorio de convivencia escolar. Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Dereitos e deberes do alumnado. Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa (BOE 30 de xullo de 2011).
- Seccións bilingües. Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- Xornada Única e Mixta. Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. 31/07/1998).
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema

educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (B.O.E. 31/07/2003).

- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)
- Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/08/1997)
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG 30/01/03).

c. Implantación e Instrucións Organizativas

- Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do Segundo Ciclo de Educación Infantil e se ditan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles Centros nos que se imparte o devandito ciclo. (D.O.G. 21/05/1992).
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004)
- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos Centros. (B.O.E. 02/06/1995).
- DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais



asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. 28/11/1996).

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización. (D. O.G. 19/12/1996).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. 31/07/1998).

d. Currículo

- Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, por que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación Infantil. (B.O.E. 04/01/2007)
- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009).
- Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de Educación Primaria. (B.O.E.08/12/2006)
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia(D.O.G. 09/07/2007)
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995).

e. Avaliación

- Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 30/11/2007)
- Avaliación de diagnóstico. Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15/10/2010)
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 10/06/2016)
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. (DOG 11/03/2021)

4. ANÁLISE DO CONTEXTO

4.1. DATOS DE IDENTIFICACION DO CENTRO:

- Denominación: C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira

- Enderezo: R/ Moldes, 2, 15939 Palmeira. Ribeira. A Coruña.
- Teléfono: 981.838.281 – Teléfono Móbil: 620 196 720.
- CIF:Q-6555472-G
- E-mail: ceip.palmeira@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippalmeira/>
- Titularidade: Colexio Público de Educación Infantil e Primaria dependente da Xunta de Galicia.
- Niveis educativos que se imparten: Educación Infantil e Primaria.
- Código do Centro: 15014465
- Modelo de Xornada Escolar: xornada única de mañá.
- Horarios:
 - Horario lectivo: de 09:00 a 14:00
 - Horario Plan Madruga: de 07:00 a 09:00
 - Horario de comedor: de 14:00 a 16:00
 - Horario de actividades extraescolares: de luns a xoves de 16:00 a 18:00
- Instituto ao que está adscrito: I.E.S Nº1

4.2. CONTEXTUALIZACIÓN DENDE O PUNTO DE VISTA NORMATIVO

Segundo datos e observacións recollidos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, pódese deducir a situación socio-económica e cultural da parroquia de Palmeira na que está situado este Centro e da que proceden a maioría dos nosos alumnos e alumnas.

A elaboración do P.E., como calquera actividade integrada no proceso educativo, ten que Fundamentarse nun corpus legal, establecido polas



Administracións Educativas, que recolla unha concepción determinada dos procesos de ensino - aprendizaxe, así como as orientacións para o seu desenvolvemento. En consecuencia partimos das leis destacadas no apartado anterior como as que seguen:


- Constitución Española do 1978.
- Estatuto de Autonomía de Galicia. LEI 1/1981.
- DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP.
- ORDE de 22 do xullo de 1997, que regula aspectos da organización e funcionamento de escolas e colexios de EI e EP dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- LEI Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.
- DECRETO 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente a Orde do 22 de xullo de 1997.
- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- LEI 3/2011, do 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia.
- LEI 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- LEI Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.



- ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ORDE do 6 de xullo de 2015 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG do 11 de febreiro do 2022).

4.3. DESCRICION DA CONTORNA: A PARROQUIA DE PALMEIRA

O colexio de Palmeira está situado na parroquia do mesmo nome, pertencente ao Concello de Ribeira. Ten unha extensión dunhas 880 hectáreas e unha poboación aproximada de 2567 habitantes segundo os datos reflectidos do IGE no 2019, como última referencia.



4.4. ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO

Cómpre salientar que no curso 2007-2008 a Xefatura Territorial de Educación aprobou a ampliación da zona de influencia do Centro para a Educación Primaria. O EEI Deán Grande pasou a ser unicamente de Educación Infantil, quedando adscrito na Educación Primaria ao colexio de Palmeira polo que a zona de influencia deste: *Avda. da Coruña e Avda. de Ferrol, Paseo das Carolinas, Vial Novo, O Caramcheiro ata As Saíñas e rúas transversais destas zonas, Deán Grande, Deán Pequeno e a Conlleira pasan a estar na área de influencia deste Centro para o alumnado de Educación Primaria.*

4.5. POBOACIÓN

Maioritariamente a poboación é orixinaria da zona. Hai algunhas familias de etnias diferentes que residen na área de influencia do centro e traen aos nenos e nenas ao centro, non tendo por estas razóns problemas de integración social no ámbito escolar. Os problemas preséntanse no caso dalgúns grupos marxinados na parroquia por razóns fundamentalmente económicas. Nos últimos cursos vai en aumento o alumnado procedente do estranxeiro.

4.6. VIVENDA




Aínda que os domicilios da maioría dos alumnos/as non están moi distanciados do colexio, unha parte do alumnado vive a máis de 2 Km. polo que funciona un servizo de transporte escolar actualmente con tres liñas , dúas de elas dividen a ruta asignada por mor do alto numero de alumnado procedente desa zona.

Aínda quedan moitas vivendas unifamiliares, con horta ou xardín, pero unha parte cada vez máis maioritaria do alumnado vive en edificios de varios andares xa que este tipo de edificación vai aumentando considerablemente na parroquia.

2. Lugar de residencia:

91 respostas



4.7.A FAMILIA

Os núcleos familiares tradicionais, nos que conviven os nenos e pais e nais, cos avós/as, tíos e outros familiares, son cada vez máis escasos, aumentando en cambio, as familias monoparentais (pais e fillos).


Obsérvase tamén unha progresiva presenza de familias monoparentais (nais/pais separadas con fillos ao cargo, ás veces en compañía dalgún avó ou avoa, ou dunha parella).

Os pais, con profesión de mariñeiro, que pasan longas tempadas lonxe da casa son cada vez menos, reflectindo o descenso da importancia deste sector na actividade laboral.



1. Idade do/a fillo/a - dos/as fillos/as:

91 respostas



4.8. ACTIVIDADE LABORAL. NIVEL SOCIO-ECONÓMICO

A penas hai industria na parroquia, vive principalmente das industrias veciñas e da emigración, pero aínda existen certas actividades locais.

Apréciase unha importante diferenzas entre pais e nais.

Nas mulleres, canto máis maiores, máis presenza teñen os labores domésticos como única actividade. As mulleres máis novas vanse incorporando á actividade laboral nos sectores industrial e de servizos.

Diminúe o número de homes que traballan no mundo do mar (pesca, mariña mercante); vai aumentando a presenza no sector servizos. Tamén hai, entre a xente máis nova, pequenos empresarios.

Aumentan os casos de persoas en paro, sobre todo as mulleres, nalgúns casos con carácter temporal.




O nivel socio-económico é medio-baixo, notándose nos últimos anos os efectos da crise en todo os sectores.

Por outra banda cómpre salientar o aumento de Renda Bruta media no


Evolución del paro en Ribeira

Paro registrado en las oficinas de los servicios públicos de empleo



municipio que se observa nesta gráfica sendo a media en 25270€:

4.9. ACTIVIDADE CULTURAL



O nivel cultural das familias, en xeral, é medio-baixo.

Obsérvase unha escasa valoración das cuestións de índole cultural. A penas hai movementos culturais.



Ás veces apreciamos falta de respecto cara ás persoas, ás normas de convivencia, entorno e ás institucións relacionadas co mundo educativo e cultural.

Todo isto está incidindo negativamente no noso alumnado e dificulta o labor da institución educativa sen que polo momento se poidan ver claras as causas destas actitudes.

O feito relixioso, sobre todo no aspecto ritual, segue a ter unha gran influencia.

Os índices de lectura da poboación adulta apreciados son baixos. O número de televisores por familia, tendo en conta a situación económica actual, é moi elevado. Así mesmo é moi alto o número de nenos e nenas que teñen televisor no seu cuarto. As videoconsolas e os ordenadores con conexión a internet están presentes en case todos os fogares. Moitos dos nenos/as máis maiores do colexio dispoñen de teléfono móbil.

4.10. O TEMPO LIBRE DOS NENOS E NENAS

Os rapaces e rapazas teñen espazos para xogar, pero estes non son específicos: a penas hai parques ou zonas de xogo ou deportivas. Debido a todo o anterior, os máis novos da parroquia empregan as instalacións deportivas do centro con moita asiduidade, o que repercute no gran deterioro destes espazos pois, sen vixilancia, e canto máis grandes son, menor coidado teñen dos lugares comúns e das instalacións públicas.

Non hai biblioteca pero si unha de carácter privado (da Sociedade Hijos de Palmeira) que permite o acceso a todo os rapaces/as de Palmeira.

Existe un Centro de Atención Primaria.

A porcentaxe de participación dos nenos e nenas en actividades extraescolares é baixa comparativamente ao alumnado matriculado no centro rondando un 30%. A oferta de actividades é boa tendo en conta as organizadas pola Asociación de Nais e Pais do alumnado, o Concello e as asociacións culturais existentes en Ribeira.



Apréciase unha influencia das actividades encamiñadas ao fomento da lectura que se realizan continuamente no centro, o que se recolle no elevado número de libros levados en préstamo semanalmente, xa dende os tres anos. Obsérvase nos pais e nais dos máis pequenos unha boa aceptación das propostas que o profesorado realiza a cotío sobre a necesidade de lerlles aos nenos e nenas, acudindo moitos deles á Biblioteca do Colexio para escoller libros cos seus fillos, no horario estipulado a tal efecto. A lectura está bastante presente no tempo de ocio dos nosos alumnos e alumnas, en parte por influencia das actividades para o fomento da lectura que se desenvolven no centro.

A televisión ocupa un lugar moi destacado no seu tempo libre. En moitos casos, as familias non seleccionan os programas que ven os nenos e nenas, o que ten como consecuencia que vexan moitos inadecuados para eles. Tamén se dan moitos casos de alumnos/as que non descansan o suficiente debido ao número de horas que pasan diante da televisión, incluso en horarios pouco apropiados para eles.

Así mesmo hai unha alta porcentaxe de nenos/as que teñen móbiles, vídeo consolas e ordenadores con acceso a internet que utilizan, en moitos casos, de forma indiscriminada, sen ningún control sobre os contidos dos xogos e aplicacións e do tempo empregado neles.

Ás veces atopamos escasa colaboración por parte de algunhas familias na adquisición de hábitos de estudo. Tampouco se favorece, en moitos casos, nin o esforzo nin a responsabilidade. Sen embargo, os nenos e nenas teñen espazos axeitados para o estudo, agás nalgúns casos de especiais dificultades económicas. Nos niveis que xa o van necesitando, maioritariamente dispoñen de suficientes medios de consulta.

4.11. LINGUA EMPREGADA.

En Educación Infantil o emprego do uso do galego ven relacionado coa linguaxe que os pais/nais empregan do cotío, situación económica e usos prácticos dese idioma na



vida diaria... co que non atopan utilidade fóra das aulas xa que na entorna a lingua de comunicación é o castelán. O castelán segue sendo a lingua máis empregada.

En Educación Primaria existe un certo bilingüismo aínda que favorable cara a maior utilización do castelán. O feito que se observa na práctica, e que a utilización do galego por parte dos nenos e nenas redúcese ao ámbito escolar, pero fóra do colexio ou mesmo nos recreos tan só nunha porcentaxe moi baixa exprésanse en galego.

5. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.



5.1.- O EDIFICIO E AS INSTALACIÓNS

O edificio do colexio foi construído no ano 1982 e presenta un estado de conservación aceptable da importante reforma feita tanto da cuberta no ano 2018 como a de reforma enerxética realizada no 2020. No ano 2020 o centro sufriu unha importante reforma mellorando considerablemente o illamento do centro así como a eficiencia enerxética do centro. Aínda que hai algunhas deficiencias que se van detectando e que cada ano poñemos en coñecemento da Xefatura Territorial da Consellería de Educación

O terreo onde está construído presenta unha forma irregular e conta con 3 accesos, un deles en desuso.

Está formado por un só bloque distribuído en semisoto, planta baixa e tres andares nas que se atopan os seguintes espazos:

- Semisoto: patio cuberto, ximnasio e almacén destinado ao equipamento de Educación Física.
- Planta baixa: Biblioteca, aula de Música, aula de Plástica, sala de Usos Múltiples, 1 titoría, Sala do Profesorado, Conserxería, Administración, Comedor, o Departamento de Orientación (1 despacho e 4 aulas, 2 de audición e linguaxe e 3 de pedagogía terapéutica) e aseos para o profesorado e o alumnado.



- Primeiro andar: 4 aulas de Educación Primaria, 5 aulas de Educación Infantil (unha cun aseo no interior), 1 aula de Lingua Inglesa, 1 titoría e aseos para o profesorado e o alumnado.
- Segundo andar: 6 aulas de Educación Primaria, 1 titoría/aula de Relixión Evanxélica, 1 almacén e aseos para o profesorado e o alumnado.
- Terceiro andar: 2 aulas de Educación Primaria, aula de Relixión Católica, aula de Informática, 2 almacéns e aseos para o profesorado e o alumnado.

No exterior contase con 1 patio para o alumnado de Educación infantil con areeiro, 2 patios para o alumnado de Educación Primaria, un patio sensorial, unha pista polideportiva e un pequeno horto.

Engádesse como anexo a este documento un plano do centro.

5.2.- UNIDADES.

Segundo a *ORDE do 22 de xullo de 2021 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial..* publicada no DOG do venres 6 de agosto do 2021, o noso Centro aparece con **3 unidades de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria.**

5.3.- PERSOAL DO CENTRO

5.3.1.- PERSOAL DOCENTE

O catálogo de postos de traballo segundo a Orde anteriormente citada é o seguinte:

	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	OC	TOTAL
CATÁLOGO	4	11	2	1	1	2	1	1	1	0	26

5.3.2.- PERSOAL NON DOCENTE.



- Conserxe/a : 1
- Coidador/a: 1+2
- Persoal de limpeza: 2 +1

5.4.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

- Transporte Escolar
- Comedor Escolar.
- Plan Madruga

5.5. OFERTAS EDUCATIVAS:

- Lingua Inglesa/lingua francesa
- Relixión Católica/Evanxélica
- Valores Sociais e Cívicos/Atención Educativa
- Educación Vial
- Biblioteca Escolar
- Actividades extraescolares organizadas pola ANPA



6. NOTAS DE IDENTIDADE

O colexio asume como propias as seguintes Notas de Identidade que servirán de referencia en todo o noso labor educativo:

1. UNIVERSAL

A educación debe alcanzar a todos os alumnos/as en todos os tramos educativos e sen distinción algunha.

2. CONFESIONALIDADE

Como colexio público que somos, o centro é aconfesional, respectando todas as relixións tanto de profesores como de alumnos. A posición de todas as persoas que traballan nesta institución será de absoluto respecto ás crenzas de cada persoa.

O centro é ideoloxicamente pluralista, sobre todo, nos aspectos políticos e relixiosos. Facilitarémolle ao alumnado información obxectiva, coa finalidade de que progresivamente poida formar os seus propios criterios e tomar decisións responsables

3. COEDUCACIÓN

O Proceso Educativo tentará evitar calquera tipo de discriminación por razóns de sexo entre alumnos e alumnas (na convivencia, nas actividades programadas, nos exemplos e modelos propostos, nos xogos...), e orientará a actividade cara a unha educación para a igualdade entre sexos. Utilizaremos unha metodoloxía que trate de superar os roles tradicionais do home e da muller.

Procuraremos incidir tamén na sociedade do noso entorno tendo como obxectivo superar as desigualdades.

4. LINGUA DE APRENDIZAXE. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Co fin de acadar a normalización lingüística do galego como lingua propia de Galicia, procurárase que esta sexa a lingua vehicular da actividade escolar, agás nas áreas en que establece a lexislación vixente.

Trataremos de que ao remate do ensino primario os alumnos e alumnas acaden o correcto uso das dúas linguas: galego e castelán.

En todo caso, seguiranse sempre as directrices emanadas da lexislación vixente.

5. LIÑA METODOLÓXICA

Co fin de definir unha liña metodolóxica que con carácter xeral identifique ao noso Centro, e tendo en conta a pluralidade de todo o Claustro, acordamos potenciar os seguintes aspectos:

- Partir dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Procurar que os nenos e nenas aprendan a aprender.
- Seleccionar os contidos que sexan máis relevantes para acadar as competencias clave.
- Organizar propostas de aprendizaxe motivadoras.
- Buscar a funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara a súa aplicación en contextos diferentes.
- A interdisciplinariedade no tratamento dos contidos, no camiño dun proceso educativo globalizador.
- A observación directa, a experimentación e a investigación.
- Posibilitar tanto a individualización como a socialización a través do traballo persoal e o traballo en equipo.
- Promover o traballo cooperativo.
- Os agrupamentos flexibles.
- A coordinación entre os diferentes Equipos Docentes.



- A conexión co medio no que está inmerso o centro no aspecto físico, afectivo, social, cultural... co fin de acadar un proceso educativo integrador.
- Rentabilizar os recursos dispoñibles no centro e aproveitar outros medios que a sociedade ofrece.
- O papel do profesor e profesora como facilitadores da aprendizaxe, e non só transmisores de coñecementos.
- Eliminaremos das aulas o autoritarismo e a competitividade.
- Potenciaremos a ensinanza activa na que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade.
- Fomentaremos a capacidade de observación, de crítica e de adquisición de hábitos de traballo intelectual.
- Realizaremos os esforzos necesarios para adaptar as programacións ás necesidades do alumnado.
- Desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade de diálogo.
- As relacións entre todo os membros da Comunidade Educativa baseadas no respecto mutuo, o diálogo e a solidariedade.
- A atención á diversidade.

6. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

Por riba das actitudes, valores e normas que contemplan as distintas áreas, pretendemos desenvolver no noso alumnado as seguintes:

- Respecto polo pluralismo ideolóxico.
- Rexeitamento de todo tipo de dogmatismo e adoutrramento.
- Exercicio da tolerancia e o respecto mutuo.
- Exercicio da solidariedade.
- Responsabilidade no uso do material e das instalacións do centro.
- Respecto ás regras de organización colectiva.
- Valores relacionados coa saúde e a hixiene.



- Compromiso cos valores democráticos.
- Educación para a Paz e o Medio Ambiente.
- Respecto aos dereitos humanos.
- Valorar as achegas da ciencia á humanidade.

7. I+I: INTEGRACIÓN E INCLUSIÓN

Na presenza de alumnos e alumnas con algunha diferenza, de calquera tipo que esta sexa, o centro favorecerá a súa completa integración elaborando plans específicos de actuación.

O centro facilitará o desenvolvemento persoal, cultural e social do alumnado procedente do estranxeiro, para conseguir, no menor tempo posible, a integración total na sociedade de acollida, sen perder a súa identidade. As actuacións neste senso quedan recollidas no Plan de Acollida do alumnado procedente do estranxeiro.

A diversidade cultural e étnica formarán parte desta inclusión como elementos integradores.

8. MODELO DE XESTIÓN

No centro están establecidos os mecanismos necesarios para a participación efectiva do profesorado, pais, nais e alumnado. As súas opinións son tidas en conta á hora de tomar decisións.

Prestamos a atención necesaria a pais e nais para facilitarlles o exercicio dos seus dereitos.

Temos como obxectivo prioritario o respecto aos ritmos evolutivos e ás capacidades intelectuais de cada neno ou nena.

Procuramos a implicación no centro de todos os membros da comunidade escolar.



Temos establecidos uns canles de difusión da información, a normativa, as propostas curriculares e a xestión económica a todos os membros da comunidade escolar.

Potenciamos o traballo en equipo para a resolución dos problemas que poidan xurdir.

Procuramos, na xestión do centro, satisfacer tanto a alumnado, profesorado e pais e nais.

Poñemos en práctica un ensino en galego dentro do marco da normativa.

Buscamos a igualdade entre os sexos en todos os ámbitos.

Potenciamos a inclusión, a interculturalidade e a convivencia.

Traballamos coa intención de darlle a este centro unha imaxe de calidade e tratamos de promovelos cara o exterior.

9. RESPECTO AO MEDIO AMBIENTE:

Nos tempos actuais consideramos como fonte primordial a sensibilización na problemática ambiental e as súas posibles solucións como obxectivo para ter un futuro mellor.

10. FOMENTO DO HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES

O fomento de estilos de vida e traballo saudable, consiste en impulsar un plan de acción coordinado e con esforzo común entre as familias e a o centro que promocionen a saúde e preveñan a enfermidade, tendo en conta a adopción de medidas que lle permitan ao alumnado evitar o sedentarismo e hábitos que afecten a súa saúde. Entre estes elementos podemos considerar aparte do deporte como fonte de saúde tamén podemos destacar a importancia da educación para a saúde a través da alimentación e dos hábitos de hixiene.



Todos estos elementos Integra a saúde nas actividades cotiás da escola, no programa curricular e nos criterios de avaliación. Algúns dos aspectos a destacar son, entre outros:

- Aborda as cuestións de saúde e benestar de todo o persoal da escola.
- Promove a saúde e o benestar do alumnado.
- Ofrece unha contorna segura e de apoio.
- Fomenta a participación dos estudantes e o desenvolvemento do seu potencial.

7. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

7.1. PRINCIPIOS EDUCATIVOS

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), establece os principios e fins do noso sistema educativo; estes principios, que nós resumimos en catro fundamentais, son asumidos polo Centro e constitúen a base na que se asenta este Proxecto Educativo:

- Proporcionar unha educación de calidade para que todo o noso alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, independentemente da súa condición e circunstancias.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades para todos, cunha orientación inclusiva e non discriminatoria.
- Compromiso e esforzo compartido por todos os que conformamos a comunidade educativa de CEIP Plurilingüe de Palmeira.
- Autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades do Centro.

7.2. OBXECTIVOS XERAIS

O colexio, como resultado do traballo cos alumnos e alumnas, pretende acadar uns Obxectivos Xerais que agrupamos nos seguintes bloques:

7.2.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as



capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

7.2.2. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si



- mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
 - d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
 - e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
 - f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
 - g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
 - h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
 - i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
 - j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
 - k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte



como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas

7.3. NO ÁMBITO CURRICULAR:

7.3.1. COMPETENCIAS CLAVE:

- Competencia en Comunicación Lingüística:
 - ✓ Tentar a que o alumnado utilice axeitadamente a lingua galega, a lingua castelá e desenvolva hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.
 - ✓ Procurar que os nenos e nenas adquiran unha competencia básica en lingua estranxeira que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
 - ✓ Potenciar as competencias matemáticas básicas e a iniciación na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así



como ser capaces de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá aplicando o razoamento matemático.

- ✓ A competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

- Competencia dixital:

- ✓ Elaborar propostas para que os nenos e nenas se inicien na utilización, para as aprendizaxes, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- ✓ Intentar que o alumnado utilice estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, transformar e comunicar información.

- Competencia para aprender a aprender:

- ✓ Intentar desenvolver nas nenas e nenos hábitos de traballo individual e en equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade nas aprendizaxes.
- ✓ Potenciar a utilización de estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

- Competencia social e cívica:

- ✓ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respecto aos dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.



- ✓ Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e na relación co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- ✓ Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminacións de persoas por ningunha causa.
- ✓ Coñecer, valorar e gozar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación dese contorno.
- ✓ Que os alumnos e alumnas adquiran habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ✓ Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:
 - ✓ Desenvolver as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
- Conciencia e expresións culturais:
 - ✓ Potenciar á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.
 - ✓ Potenciar a utilización de diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolver a sensibilidade artística e a capacidade de gozar



das súas diferentes manifestacións e iniciarse na construción de propostas persoais.

7.3.2. AVALIACIÓN:

a) Trataremos que a avaliación se conciba como reguladora das aprendizaxes.

Será:

- **FORMATIVA:** Aportará información ao profesorado e ao alumnado para indicarlles en que lugar se atopan respecto as competencias básicas e os obxectivos programados. Debe facilitar constantemente a intervención nos procesos de mellora.
- **CONTINUA:** Ten que estar presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.
- **INTEGRADORA** de todas as áreas: Debe ter en conta o progreso do alumnado en todas e cada unha das áreas.

b) Intentaremos que a avaliación se conciba como reguladora das ensinanzas:

- Avaliación da práctica docente.
- Valoración da programación.
- Coordinación do profesorado.
- Actitude nas aulas...

c) Promoción:

- Desenvolvemento correspondente das competencias clave e un axeitado grao de madureza.

7.3.3. A TITORÍA:

O profesorado, dende a titoría, favorecerá:

- O desenvolvemento individual e a dinamización grupal.
- O apoio aos procesos de ensino aprendizaxe.



- A orientación académica e profesional.
- A coordinación cos equipos docentes.
- A coordinación coas familias.

7.4. OBXECTIVOS EN RELACIÓN COAS NOTAS DE IDENTIDADE:

7.4.1. DESENVOLVEMENTO AUTÓNOMO E SOLIDARIO.

- Favorecer o desenvolvemento físico dos alumnos e alumnas:
 - Programando actividades psicomotrices, de educación física e deportiva axeitadas a cada idade.
 - Fomentando hábitos hixiénicos e alimentarios correctos.
 - Promovendo actitudes positivas en aspectos de saúde e calidade de vida, individuais, colectivas e da sociedade en xeral.
- Procurar a actuación e desenvolvemento autónomos e solidarios dos nenos e nenas nas súas actividades e nos grupos sociais aos que pertencen (familia, escola, pandilla, pobo...)
- Fomentar a autoestima e a confianza en si mesmos.
- Fomentar o espírito crítico diante das diferenzas sociais, rexeitando a discriminación que por mor delas se poidan dar.
- Educar para a Paz.
- Formar na adquisición de hábitos enriquecedores para o tempo de ocio. Fomentar o hábito lector.

7.4.2. VALORES DEMOCRÁTICOS

- Educar na realización de tarefas e actividades de forma activa, reflexiva e favorable ao traballo ben feito.
- Fomentar a participación nas actividades grupais, colaborando na súa



planificación e realización.

- Educar na aceptación das normas e regras democráticas.
- Potenciar a asunción de responsabilidades.
- Favorecer o diálogo e o consenso como única forma de acadar solucións aos problemas da vida cotiá.
- Promover o recoñecemento e respecto dos valores e formas culturais do entorno no que viven.

7.4.3. COMUNICACIÓN:

- Empregar a lingua galega como lingua vehicular e, como lingua de aprendizaxe, na medida en que o permita a lexislación vixente.
- Acadar a correcta comprensión e produción de mensaxes orais e escritas, tanto en galego como en castelán, nun grao axeitado e esixible a cada nivel.
- Crear hábitos de respecto de cara ás peculiaridades lingüísticas individuais e zonais.
- Iniciar a adquisición de recursos básicos para a comprensión e emisión de mensaxes sinxelas contextualizadas nunha terceira lingua.
- Fomentar unha actitude crítica e reflexiva diante das mensaxes recibidas a través dos medios de comunicación e a publicidade.
- Acadar a plena capacidade de expresión para comunicaren as súas opinións, sentimentos e desexos, sexa a nivel lingüístico (oral e escrito), plástico ou dramático.
- Fomentar actitudes de valoración e respecto polas creacións artísticas propias e alleas.
- Procurar o desenvolvemento da sensibilidade estética e a capacidade creativa.



7.4.4. EDUCACIÓN MEDIO AMBIENTAL:

- Procurar o coñecemento das principais características do medio físico e socio-cultural no que se desenvolven establecendo relacións entre estas e as actividades humanas máis habituais nel.
- Educar no coñecemento, valoración e respecto das características do medio ambiente natural da comunidade na que viven (Parroquia, Concello, Bisbarra, Comunidade...)
- Procurar hábitos de participación activa na defensa, conservación e mellora do medio ambiente.
- Procurar a utilización dos coñecementos adquiridos sobre o medio físico e social para resolver de forma autónoma e creativa os problemas que formula a vida cotiá.
- Favorecer hábitos solidarios e de aproveitamento racional dos recursos do entorno.
- Fomentar o espírito crítico como consumidores de calquera tipo de ben ou servizo.
- Educar no respecto polos bens e recursos cos que conta o colexio (biblioteca, material deportivo, aula de informática, aula de plástica, audiovisuais...)

7.4.5.- COEDUCACIÓN E NON DISCRIMINACIÓN:

- Educar no respecto e colaboración coas outras persoas de diferente identidade sexual, idade e condición coas que se relacionan.
- Evitar calquera tipo de discriminación que por razón do sexo se puidese dar. Fomentar a coeducación plena, é dicir, a igualdade entre sexos.
- Empregar medios e recursos non discriminatorios (linguaxe, modelos



propostos, láminas libros de texto, películas, audiovisuais....) e programar actividades tendentes á superación das diferenzas que a sociedade poida marcar.

7.4.6. COMO RESULTADO DA METODOLOXÍA:

- Acadar a utilización autónoma dos recursos precisos para resolver problemas:
 - Procurando a información precisa.
 - Analizándoa.
 - Tomando decisións.
 - Levándoas a bo termo previa a planificación dos recursos e materiais precisos para facelo.

7.4.7. COMUNIDADE EDUCATIVA.

- Insistir na democratización dos órganos de xestión do Centro, impulsando a participación activa de todos os seus compoñentes.
- Procurar a continua actualización pedagóxica favorecendo o traballo dos equipos docentes na liña da investigación e formación permanente.
- Buscar a interacción entre o Centro e a comunidade na que está inmerso.
- Impulsar a intervención e participación de toda a Comunidade Educativa na consecución destes obxectivos.
- Contar coas opinións dos pais e nais á hora de tomar decisións importantes.
- Buscar a colaboración e participación dos pais e nais nas actividades do centro.
- Artellar os procedementos axeitados para que os pais e nais conten con



información suficiente en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

- Colaborar estreitamente coa asociación de nais e pais como medio de participación na xestión do centro.
- Empregar por parte do profesorado e do centro ,as ferramentas web institucionais no canto daquelas outras que no estean dentro das admitidas pola Consellaría tal e como: Xade, Correo normativo, Abalar, Xade, Aqueiro, Falemos e outras... co fin de garantir a seguridade na rede e o cumprimento do protocolo de Protección de datos actualmente en vigor.
- Empregar as ferramentas autorizadas polo centro baixo o estricto cumprimento do protocolo de Protección de datos fomentando un emprego seguro co fin de concienciar ao alumnado dos riscos da rede como o Phishing, cyberbullying, grooming,... e outro tipo de actuacións contrarias á convivencia. É dicir, concienciar ao alumnado sobre a seguridade na rede neste mundo dixital.

8. ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Dende o curso 1996-97 o colexio queda configurado como un C.E.I.P. Colexio de Educación Infantil e Primaria. No curso 2014/15 entramos a formar parte da Rede de Centros Plurilingües de Galicia polo que pasamos a denominarnos C.E.I.P Plurilingüe de Palmeira. No curso 2019/2020 ampliouse a rede Plurilingüe á Etapa de Infantil como centro Pluriinfantil.

Con respecto ás unidades de Educación Infantil e Educación Primaria e o catálogo de postos de traballo publícanse para cada curso no DOG, en función do número de alumnos e alumnas.

Dispoñemos, ademais das aulas de Educación Infantil e Educación Primaria, dun Departamento de Orientación no que están integradas tres aulas de Pedagogía Terapéutica e dúas de Audición e Linguaxe. Temos tamén unha aula de Música, unha de Inglés, unha de Informática e unha de Educación Plástica. Contamos así mesmo cunha Sala de Usos Múltiples do que se dispón tamén como aula da Radio Escolar ou Audiovisual, a Biblioteca, un Ximnasio e o Comedor.

O estado de mantemento do centro é bo xa que as obras levadas a cabo pola Consellería no ano 2018 e 2020 fixeron do centro un espazo moito mais habitable. As actuacións necesarias para manter o recinto escolar e o edificio escolar en bo estado de conservación solicítanse reiteradamente tanto á Consellaría de Educación como ao Concello de Ribeira.

O funcionamento e organización do centro réxese polos criterios recollidos no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e Colexios de Educación Primaria (D.O.G. 21 de Outubro do 96) ampliado pola Orde de 22 de Xullo do 97 (D.O.G. de 2 de Setembro do 97).



8.1. ORGANIZACIÓN PRÁCTICA DE PARTICIPACIÓN DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Como Centro Educativo que desenvolve o seu labor nun contexto democrático, o C.E.I.P. PLURILINGÜE DE PALMEIRA recolle no presente PROXECTO EDUCATIVO unha liña de identidade denominada Pluralismo e Valores Democráticos, na que se pon de manifesto a vontade do centro por xestionar democraticamente toda a súa actividade e fomentar no seu alumnado os valores de respecto polos dereitos humanos e polo pluralismo ideolóxico, o compromiso cos valores democráticos, o diálogo como recurso e a convivencia harmónica como ben a conseguir.

Como consecuencia, todos os membros da Comunidade Educativa participan da vida do centro a través dos órganos colexiados, o Claustro e o Consello Escolar.

O alumnado do centro, pola súa idade, non participa de forma directa nestes órganos. Non obstante, o Plan de Acción Titorial contempla entre os seus obxectivos a participación activa de todos os nenos e nenas na vida do colexio, mediante a atención ás súas propostas e intereses, fomentando as asembleas de clase, os debates e a toma de decisións por consenso.

O profesorado participa activamente a través do Claustro, o seu órgano colexiado fundamental. Todo o profesorado está integrado nos Equipos de Ciclo que se constitúen en grupos de traballo que aportan iniciativas, estudan propostas, elaboran informes e actividades, etc., e nos Equipos de Traballo: Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Medio Ambiente e Novas Tecnoloxías que elaboran os seus proxectos e propostas cada curso. Todas as propostas se estudarán en reunións de Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro e se decidirán por consenso, a poder ser. O Claustro é o órgano que aglutina a vontade, o coñecemento e o esforzo de todo o profesorado e quen toma a maior parte das decisións que afectan á vida do Centro, moi especialmente as de carácter pedagóxico.



Os representantes do profesorado no Consello Escolar elevan ao mesmo as propostas e decisións do Claustro que deben ser aprobadas por este organismo, máximo xestor do centro.

As nais e pais de alumnos e alumnas participan no Consello Escolar a través dos seus representantes. Este órgano estuda as propostas que aqueles presentan en nome do sector.

Os pais e nais serán informados de todo o referente á educación dos seus fillos e fillas nas reunións de grupo que se realizan ao comezo de cada curso e nas reunións de carácter individual que manteñan co profesorado ao longo do ano escolar. Así mesmo, o centro informará, mediante circulares, de todas aquelas cuestións que poidan ser do seu interese. Tamén, mediante circulares ou calquera outro documento, o centro difundirá normas e suxestións tendentes a mellorar a marcha da actividade escolar.

A Asociación de Nais e Pais do Alumnado ten unha presenza activa na vida do colexio en tanto que presentan a comezos de curso propostas de actividades extraescolares que son contempladas no Plan Xeral Anual, e prestan a súa colaboración nos momentos en que é precisa.

O persoal non docente participa así mesmo a través do seu representante no Consello Escolar.

8.2. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

8.2.1. ÓRGANOS DE GOBERNO:

8.2.1.1. ORGÁNOS UNIPERSONAIS

- Director/a
- Xefe/a de Estudos
- Secretaria/o



As funcións dos Órganos Unipersonais están regulados no Decreto 334/1996 (D.O.G. 21 de Outubro de 1996) e ampliados na Orde de 22 de Xullo de 1997 (D.O.G. 2 de Setembro de 1997)

8.2.1.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- Claustro de Profesores e Profesoras
- Consello Escolar

No seo do Consello Escolar existirá unha Comisión Económica, tal e como se contempla no artigo 44 do Decreto 374/1996, integrada polo director, un mestre, un pai ou nai de alumno e o secretario/a; unha Comisión de Autoprotección e unha Comisión de Convivencia ademais dunha comisión de Biblioteca escolar.

As funcións dos Órganos Colexiados son as contempladas no Decreto 334/1996 (D.O.G. 21 de Outubro de 1996) e ampliadas na Orde de 22 de Xullo de 1997 (D.O.G. 2 de Setembro de 1997)

- **PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR.**

A composición e atribucións do Consello Escolar son as contempladas no Decreto 334/1996 (DOG, 21 DE Outubro de 1996) e ampliadas na Orde de 22 de Xullo de 1997 (DOG do 2 de Setembro do 97).

A Dirección avisará aos membros integrantes do Consello, ben por carta ordinaria, por correo electrónico ou por outros medios telemáticos, pero sempre coa suficiente antelación para posibilitar a súa asistencia e para garantir a posibilidade de introducir na orde do día novos puntos. Na Convocatoria indicárase o día, hora e puntos da orde do día. Para os Consellos Extraordinarios a Dirección comunicará a súa celebración cun prazo mínimo de 48 horas. Nos casos de urxencia con 24 horas de anticipación.

O Consello Escolar reunirase de forma ordinaria tres veces ao ano, unha por trimestre como mínimo; e de forma extraordinaria sempre que sexa necesario ou que se solicite.



As reunións realizaranse preferentemente os martes pola tarde e os acordos quedarán reflectidos en actas. A aprobación ou non das actas farase na seguinte sesión.

Un punto ou tema será aprobado se na votación hai consenso , senón é así, bastará coa maioría simple. A votación poderá ser por **asentimento** (cando unha vez enunciada unha proposta formulada polo Director/a non se presente ningunha oposición), **ordinaria** (a man alzada. En primeiro lugar os votos a favor, en segundo os votos en contra, e por último abstencións) ou **secreta** (mediante papeleta, cando o solicite como mínimo un 10% dos/as asistentes). O voto deberá ser directo e persoal, sen posibilidades de voto anticipado nin voto delegado. Os membros poderán facer constar en acta o seu voto contrario ao acordo, así como os motivos que o xustifiquen. O Presidente/a do Consello Escolar poderá facer uso, en caso de empate, do voto de calidade.

Dentro do Consello Escolar poderán funcionar comisións constituídas por membros do Consello Escolar. A composición e funcións de cada unha destas comisións deberá ser aprobada polo Consello Escolar.

8.2.1.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- Equipo de Ciclo de Educación Infantil
- Equipos de Traballo
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Dende hai xa moitos anos, mantemos unha dinámica de traballo en equipo, estruturando a actividade en Equipo de ciclo como é o de Educación Infantil e de Equipos de Traballo como Equipo de Dinamización da Lingua Galega, de Biblioteca, de Novas Tecnoloxías, de Medio Ambiente e de Actividades



Complementarias e Extraescolares, Plurilingüe e Tixosa Filmes no que se integra a Radio Escolar.

Os coordinadores de cada un destes grupos de traballo forman parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro, xunto co Equipo Directivo e profesorado de Apoio ás Necesidades Educativas Especiais.

Os Equipos de Traballo programan actividades dirixidas á consecución dos obxectivos propostos para todo o alumnado, incidindo naqueles que son específicos da súa área de actuación determinada (Fomento da lectura e acceso á información, Medio Ambiente, Normalización Lingüística, Uso de medios audiovisuais e informáticos...) pero reforzando os Obxectivos Xerais do Centro.

A experiencia fainos valorar moi positivamente esta organización da que nos dotamos, ao estarmos implicados todos os profesores e profesoras en toda a actividade do centro. Mesmo observamos que facilita a incorporación do novo profesorado, que en xeral asume sen problemas a liña educativa na que vén traballando o colexio. Os grupos de traballo se constitúen como equipos de discusión e investigación do noso labor docente. A toma de decisións é consensuada, o que favorece a asunción das decisións tomadas. Todo isto favorece as relacións interpersoais e un clima de traballo distendido e afable entre o profesorado.

8.2.1.4. EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

O Equipo de Ciclo de Educación Infantil estará integrado por todos os profesores e profesoras que imparten clase na Educación Infantil.

A Dirección do centro, oído o Equipo, elixirá a comezos do ano escolar un coordinador/a que desempeñará o seu cargo durante dous cursos.

O Equipo de Ciclo reunirse coa periodicidade que se fixe no Plan Xeral Anual de cada curso.



As principais funcións do Equipo de Ciclo:

- Completar, revisar e adaptar as Programacións Didácticas do Ciclo correspondente.
- Elaborar as Programacións de aula.
- Coordinar a marcha do Ciclo.
- Canalizar iniciativas do profesorado e promover o intercambio de experiencias.
- Elaboración e elección dos materiais curriculares e recursos didácticos.
- Promover as actividades propostas polos equipos de Traballo.
- Colaborar co Xefe/a de Estudos.
- Recoller e canalizar información.
- Adaptar a cada nivel os criterios de avaliación e recuperación fixados para o Ciclo nas Programacións Didácticas do Centro.
- Secuenciar os contidos das diferentes áreas especificando os que se traballarán en cada curso do Ciclo correspondente.
- Unificar ao máximo os criterios acerca de métodos didácticos (tendo en conta a liña metodolóxica contemplada nas liñas de

8.2.1.5. EQUIPO DOCENTE

Os profesores e profesoras da Educación Primaria que impartan clase a un mesmo grupo de alumnos/as constitúen un Equipo Docente de clase. Este Equipo será coordinado polo titor/a correspondente.

8.2.1.6. .- EQUIPOS DE TRABALLO.

Todo o profesorado do centro estará integrado en, ao menos, un Equipo de Traballo. Procurarase que en cada Equipo de Traballo haxa algún representante da Etapa Infantil e de cada un dos niveis de Educación Primaria.



Os coordinadores/as de cada un dos equipos serán elixidos polos integrantes do Equipo e nomeados pola dirección. Desempeñarán as súas funcións durante dous anos renovables.

8.2.1.6.1. EQUIPO DE DINAMIZACION DE LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega creouse oficialmente no curso 90-91 cun obxectivo principal: acadar un maior grao de competencia no uso da lingua galega na expresión oral e escrita en toda a comunidade escolar.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, *para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (D.O.G. de 25/6/2010), no seu artigo 15º, aparece reflectido que:

Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador/a, por profesorado e por persoal non docente.

A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

A consellaría competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos equipos de dinamización da



lingua galega e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.

Con esa finalidade coordinadora, constituiranse comisións en cada xefatura territorial de educación. A súa composición e funcións específicas serán determinadas pola consellaría competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da política lingüística da Xunta de Galicia.

O EDLG estará formado, ao menos, polos seguintes membros e serán nomeados polo director/a:

Profesores/as que impartan clase no ciclo Educación Infantil.

Profesores/as que impartan clase na etapa de Educación Primaria.

Un membro do persoal non docente.

No noso centro, cumprida a devandita lexislación, poden integrarse no Equipo todos aqueles profesores ou profesoras que o desexen e queiran colaborar dunha forma activa en prol da Normalización Lingüística.

Segundo o disposto na Orde de 22 de Xullo de 1997 (D.O.G. do 2 de Setembro de 1997) pola que se desenvolven determinados aspectos de funcionamento dos C.E.I.P.s, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega determinará a principio de cada curso un calendario de reunións (con carácter ordinario estas reunións serán mensuais) que se integrará na dinámica de traballo en grupo do colexio.

O Equipo de Dinamización deste centro realiza o seguimento, apoio e dinamización precisas para acadar entre todos os obxectivos referentes á Normalización da Lingua Galega, tal e como figuran recollidos na liña de identidade correspondente deste Proxecto Educativo.

8.2.1.6.2. EQUIPO DE BIBLIOTECA.



Estará formado por todos os profesores e profesoras que desexen integrarse no mesmo a comezos de cada curso escolar.

Os membros do Equipo elixirán na primeira reunión do curso o coordinador ou coordinadora, tendo en conta o interese persoal e a preparación específica para a xestión de Bibliotecas. Este coordinador ou coordinadora realizará as funcións de Bibliotecario/a Escolar a tempo parcial, cun número de horas específico no seu horario semanal para estes labores. A comezos de cada curso o Equipo establecerá un calendario de reunións a fin de realizar o traballo proposto e distribuirá entre os seus membros as funcións encomendadas.

O Equipo de Biblioteca pon en práctica o concepto de Biblioteca Escolar consensado por todo o Claustro e que contempla esta como un Centro de Recursos da Información para o centro, unha mediateca que centraliza os recursos de información dos que dispón o colexio, sexan en soporte papel, audiovisual ou informáticos (en coordinación co Equipo de Novas Tecnoloxías) preparándoos para a súa utilización e difundíndoos entre todo o profesorado e o alumnado do centro. Asume tres funcións primordiais: a xestión técnica da Biblioteca Escolar (adquisición de libros e outros materiais, rexistro, catalogación, colocación, etc.), a animación á lectura e a educación no acceso á información.

O Equipo propondrá ao Claustro un Programa de actividades que se incluírá na Programación Xeral Anual previa aprobación do mesmo. Ao remate de cada curso realizará unha memoria que se incluírá, xunto coas actas das reunións e os materiais elaborados, na Memoria Anual correspondente.

8.2.1.6.3. EQUIPO DE MEDIO AMBIENTE.

O Equipo de Medio Ambiente estará formado por todos os profesores e profesoras que desexen integrarse no mesmo ao principio de cada curso escolar.



Os membros do Equipo de Medio Ambiente reuniranse coa periodicidade que se estableza no Plan Xeral Anual de cada curso.

8.2.1.6.4.- EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXÍAS.

O Equipo de Novas Tecnoloxías do centro estará formado por todos aqueles profesores e profesoras do centro que se integren nel ao principio de cada curso escolar.

O coordinador ou coordinadora do equipo será nomeado polo director/a, unha vez oído o Equipo e tendo en conta a preparación específica para tal fin.

A periodicidade das reunións establecerase ao principio de cada curso escolar.

8.2.1.6.5. EQUIPO PLURILINGÜE

Dende a Incorporación do centro á Rede Plurilingüe da Consellería, este Centro determinou a creación deste equipo co fin de fomentar a coordinación entre os mestres implicados así como o auxiliar de conversa.

A partir do curso 2019-2020 se incorpora ao equipo o docente que imparte a sección de Plurininfantil dende 4º de Ed. Infantil ata 6º de Ed. Infantil.

8.2.1.6.6. EQUIPO TIXOSA FILMES E RADIO ESCOLAR

Co fin de actualizar os contidos e baixo os intereses do propio alumnado, o centro dende o curso 2018 comeza a afondar no traballo a competencia dixital e creativa a través da formación de contidos a través do vídeo e radio.

8.2.1.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.



A Comisión de Coordinación Pedagóxica é un Órgano de Coordinación Docente que está regulado segundo o establecido nos artigos 61 e 62, capítulo II, título III do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

Neste centro, e debido a dinámica de traballo en grupo do profesorado do mesmo, a Comisión estará formada cada curso escolar por:

- Director/a, que será o/a presidente/a
- Xefe/a de Estudos
- O Coordinador/a do Ciclo de Educación Infantil
- O Coordinador/a do EDLG.
- O Coordinador/a da Biblioteca.
- O Coordinador/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- O Coordinador/a Edixgal.
- O Coordinador/a do Plan Plurilingüe.
- Coordinador/a de Tixosa Filmes
- Os Profesores/as de A.L. e P.T.
- Xefe/a do Departamento de Orientación

Actuará como secretario un membro da Comisión elixido polos integrantes do Equipo.

O director/a poderá delegar na Xefatura de Estudos a coordinación desta Comisión Pedagóxica.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica velará pola consecución dos Obxectivos Xerais do Centro e polo normal desenvolvemento do Proxecto Curricular en cada unha das Etapas e Ciclos que se imparten no Colexio, así como da avaliación e revisión daqueles aspectos que se consideren oportunos. Tratará, así mesmo, todos aqueles temas de orde pedagóxica que a marcha de cada curso vaia evidenciando.



A comezos de cada curso establecerase un calendario de reunións e un programa de actuacións específicas que será proposto ao Claustro, se incluírá no Plan Xeral Anual e se elaborará a Memoria Final correspondente.

8.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

No curso 2000-2001 comezou a funcionar o Departamento de Orientación no Centro. Este Departamento leva a cabo todas as funcións recollidas no *Decreto 120/98* no seus artigos 10º e 11º e está formado por:

- O Orientador/a.
- O Coordinador/a do Ciclo Educación Infantil.
- Os profesores/as de PT e AL.

8.4. TITORÍAS

Cada profesor ou profesora desenvolverá, ademais das súas tarefas docentes específicas, a acción titorial sobre un grupo de alumnos e alumnas de xeito que teña continuidade ao longo de dous cursos.

As súas funcións están contempladas e desenvolvidas no capítulo 5, artigos 80 e 81 do *Decreto 374/1996 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Primaria (D.O.G. 17 Outubro 1996)* e nos puntos 5.1, 5.1, 5.3, 5.4 e 5.5 do Capítulo VI da *Orde de 22 de Xullo de 1997 (D.O.G de 2 de Setembro de 1997)*

Co fin de facilitar a relación do profesor-titor cos pais e nais dos seus alumnos e alumnas, fixarase no Plan Xeral Anual unha hora semanal para atender aos pais e nais.

8.5. COORDINACIÓN ENTRE O EQUIPO DIRECTIVO, OS COORDINADORES DE CICLOS, TITORES/AS E DEMAIS EQUIPOS



O Equipo Directivo, se ben realiza as funcións que a lexislación determina, entende que é o Claustro quen debe estudar e tomar, por consenso preferentemente, a maior parte das decisións que afectan á vida do centro.

Como consecuencia, fomentará a participación activa de todo o profesorado nos diferentes Equipos (Ciclo, Traballo) e, evidentemente, no Claustro. Favorecerase un clima de diálogo, reflexión e debate que permita a implicación de todos os seus integrantes.

A través da Xefatura de Estudos, estableceranse canles de comunicación fluída e permanente, que faciliten a resolución das cuestións que xurdan ao longo do curso. Así mesmo se facilita ao profesorado toda canta información chega ao centro, ou aquela que poidan demandar.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica é un órgano de coordinación docente no que se integran o Equipo Directivo, os Coordinadores do Equipo de Ciclo de Educación Infantil, dos Equipos de Traballo e o/a responsable de Orientación do Centro. Esta Comisión reúnese, como mínimo, unha vez ao mes para estudar a marcha da práctica docente.

Cómpre salientar co fin de favorecer a coordinación dos diferentes equipos de traballo, que os coordinadores xerais reuniranse cada mes para programar en conxunto as actividades que se proporán ao resto do claustro.

8.6. ORGANIZACIÓN PRÁCTICA DE PARTICIPACIÓN DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Como Centro Educativo que desenvolve o seu labor nun contexto democrático, o C.E.I.P. Plurilingüe de PALMEIRA recolle no presente PROXECTO EDUCATIVO unha liña de identidade denominada Pluralismo e Valores Democráticos, na que se pon de manifesto a vontade do centro por xestionar democraticamente toda a súa actividade e fomentar no seu alumnado os valores de respecto polos dereitos humanos e polo pluralismo ideolóxico, o compromiso cos valores



democráticos, o diálogo como recurso e a convivencia harmónica como ben a conseguir.

Como consecuencia, todos os membros da Comunidade Educativa participan da vida do centro a través dos órganos colexiados, o Claustro e o Consello Escolar.

O alumnado do centro, pola súa idade, non participa de forma directa nestes órganos. Non obstante, o Plan de Acción Titorial contempla entre os seus obxectivos a participación activa de todos os nenos e nenas na vida do colexio, mediante a atención ás súas propostas e intereses, fomentando as asembleas de clase, os debates e a toma de decisións por consenso.

O profesorado participa activamente a través do Claustro, o seu órgano colexiado fundamental. O profesorado de Educación Infantil forma parte do Equipo de Ciclo que se constitúe como un grupo de traballo que aportan iniciativas, estudan propostas, elaboran informes e actividades, etc.. Todo o profesorado está integrado nos Equipos de Traballo: Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Medio Ambiente e Novas Tecnoloxías que elaboran os seus proxectos e propostas cada curso. Todas as propostas se estudarán en reunións de Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro e se decidirán por consenso, a poder ser. O Claustro é o órgano que aglutina a vontade, o coñecemento e o esforzo de todo o profesorado e quen toma a maior parte das decisións que afectan á vida do Centro, moi especialmente as de carácter pedagóxico.

A Asociación de Os representantes do profesorado no Consello Escolar elevan ao mesmo as propostas e decisións do Claustro que deben ser aprobadas por este organismo, máximo xestor do centro.

As nais e pais de alumnos e alumnas participan no Consello Escolar a través dos seus representantes. Este órgano estuda as propostas que aqueles presentan en nome do sector.



Os pais e nais serán informados de todo o referente á educación dos seus fillos e fillas nas reunións de grupo que se realizan ao comezo de cada curso e nas reunións de carácter individual que manteñan co profesorado ao longo do ano escolar. Así mesmo, o centro informará, mediante circulares, de todas aquelas cuestións que poidan ser do seu interese. Tamén, mediante circulares ou calquera outro documento, o centro difundirá normas e suxestións tendentes a mellorar a marcha da actividade escolar.

As nais e pais do Alumnado ten unha presenza activa na vida do colexio en tanto que presentan a comezos de curso propostas de actividades extraescolares que son contempladas no Plan Xeral Anual, e prestan a súa colaboración nos momentos en que é precisa.

O persoal non docente participa así mesmo a través do seu representante no Consello Escolar.

8.7. ESCOLARIZACIÓN

Segundo a normativa vixente, no mes de marzo o centro abrirá o período de solicitude de praza escolar para o seguinte curso escolar, comunicando o número de prazas dispoñibles en cada un dos cursos e etapas que se imparten. As solicitudes de admisión faranse no impreso que o colexio facilitará aos interesados e presentaranse na Secretaría do Centro xunto coa documentación pertinente e nas datas que a convocatoria sinale.

A admisión dos alumnos na Educación Infantil e Primaria aterase disposto no Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de



educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O agrupamento do alumnado será mixto e flexible, evitando calquera tipo de discriminación e fomentando a coeducación e a aprendizaxe cooperativa.

CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR GRUPOS:

En xeral, para dividir ao alumnado de cada nivel en grupos, ao principio de cada etapa, ou cando sexa necesario proceder a dividir grupos, o criterio será a orde alfabética pero tendo en conta:

- Todo o alumnado que escollo a opción de Atención Educativa/Valores Sociais e Cívicos escolarizarase no mesmo grupo.
- Os irmáns xemelgos escolarizaranse en distinto grupo salvo causa que xustifique a conveniencia de que permanezan no mesmo grupo
- O alumnado con N.E.A.E. escolarizarase seguindo o criterio do Departamento de Orientación.
- Tamén se terán en conta os informes dos titores/as ou do Departamento de Orientación para poñer a un alumno/a nun grupo distinto do que, con carácter xeral, lle corresponde.

O alumnado que se incorpore ao centro unha vez comezado o curso ou a etapa educativa, integrarase, como norma xeral, no grupo que lle corresponda segundo a opción: Relixión ou Atención Educativa/Valores Sociais e Cívicos. O seguinte criterio será o número de alumnos/as que haxa en cada unha das aulas, integrándose na que menos alumnado teña (salvo que pola peculiaridade dese



grupo o Equipo Directivo ou o Departamento de Orientación indique o contrario). En caso de haber o mesmo número de alumnos/as en cada aula, seguirase a orde alfabética. De tratarse dun alumno de N.E.A.E terase en conta as indicacións do Departamento de Orientación para a súa escolarización nun ou outro grupo.

- O alumnado repetidor será repartido en partes iguais nas dúas aulas, en xeral por orde alfabética, pero se hai dúbidas polas características da aula, contarase coa información do Departamento de Orientación e do profesorado que lles deu clase para ver en que aula se deben colocar.
- O alumnado de novo ingreso procedente de centros situados dentro do territorio español, asignarase provisionalmente a un grupo en función da idade ata dispoñer do expediente.
- Cando un alumno e/ou alumna proceda doutro país, adscribirase ao curso que lle corresponda pola súa idade ata que se remate a avaliación inicial. A partir desta avaliación procederase segundo o establecido no plan específico para o alumnado estranxeiro.
- En calquera momento do curso se poderá cambiar de clase ao alumnado que acose, sufra acoso e ao que presente dificultades importantes de relación e integración na aula. Esta medida poderase levar a cabo sempre que previamente se tratase de solucionar a problemática mediante intervencións concretas e non se conseguise. O equipo docente emitirá un informe sobre as actuacións aplicadas e o resultado. No informe constará a opinión maioritaria dos seus integrantes sobre a posibilidade de cambio de grupo, incluíndo, se é o caso, os votos particulares que se considere. A decisión final adoptarase segundo o establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto que a desenvolve.
- Poderanse facer agrupamentos flexibles para a realización das actividades que se consideren oportunas.
- Na Educación Infantil á hora de facelos grupos buscarase o máximo equilibrio nas aulas e terase en conta o alumnado con NEAE que haxa.



No caso de ter que facer un grupo mixto este terá, sempre que sexa posible, 5 alumnos/as menos que o curso con maior número de alumnado dos outros dous niveis de referencia.

En Educación Infantil o profesorado continuará, sempre que sexa posible, co mesmo grupo de alumnos/as durante os tres anos que dura a etapa. No caso de ter que facer unha aula mixta o grupo que se repartirá será o B, podendo o seu titor/a elixir novo posto segundo a antigüidade no Centro. En Educación Primaria, cada grupo de alumnos/as poderá ter o mesmo titor/a durante dous anos consecutivos (primeiro e segundo curso, terceiro e cuarto curso, e quinto e sexto curso). No caso de que un titor/a escolla como curso un 2º ou un 4º poderá continuar extraordinariamente dous cursos máis sempre e cando non haxa outro docente con maior dereito que solicite ese curso e sempre co visto bo da Dirección.

En xuño farase unha adscrición provisional que se levará efectiva en setembro para que o profesorado poida preparar durante o verán o curso.

8.8. CALENDARIO.

O calendario escolar será o proposto para cada curso escolar pola Consellaría de Educación, sendo días non lectivos os que figuran con carácter xeral para todo o territorio da Comunidade Autónoma, e os que figuren para cada municipio no Calendario Oficial da Provincia.

8.9. HORARIO.

O horario lectivo é de 25 horas semanais, segundo a lexislación vixente. A distribución actual é xornada continuada de 9:00 a 14:00.

O centro permanecerá aberto de luns a xoves en horario de tarde para a realización de actividades extraescolares programadas pola A.N.P.A e aprobadas polo Consello Escolar e para a atención da Biblioteca Escolar.

8.10. RECREOS.

Segundo se recolle no capítulo IV, punto 4.5 da *Orde do 22 de Xullo de 1997* (D.O.G.



2 de setembro), a duración dos períodos de recreo estará comprendida entre vinte e trinta minutos.

O alumnado de Educación Primaria gozará dun recreo de trinta minutos. Para o alumnado de Educación Infantil poderán programarse ademais segmentos de lecer con actividades ou xogos dirixidos en períodos que non superen globalmente os trinta minutos.

No recreo de Infantil haberá un profesor/a de garda por cada 25 alumnos/as. No recreo de Primaria haberá un profesor/a por cada 50 alumnos/as, tal como establece a lexislación vixente. As quendas de garda estableceranse na PXA e estarán expostos no taboleiro na sala de profesores.

Os alumnos/as deberán baixar todos ao patio. Excepcionalmente poderán quedar alumnos/as na clase rematando traballos, facendo actividades de carácter extraordinario ou cumprindo unha sanción pero sempre baixo a supervisión dun profesor/a. Cando se lles impoña unha sanción que deban cumprir no recreo o alumnado sancionado poderá cumprila nos bancos do corredor principal ou na sala de usos múltiples vixiados polo profesor/a sancionador.

O profesor/a que estea na clase anterior ao recreo esperará a que baixen todos os alumnos/as e baixará o último.

No patio estará permitido xogar con balóns na parte da pista, e no campo da entrada ao recinto escolar (o alumnado de Educación Infantil poderá xogar con balóns brandos no seu patio). Queda reservado o patio que se atopa fronte ao patio cuberto e o patio de area para outro tipo de xogos. Poderase xogar ao baloncesto só na zona das canastras. Cando o patio da parte superior non estea sendo utilizado polo alumnado de Educación Infantil poderá ser utilizado polo alumnado de Primaria.

Cando non se poida saír ao patio, debido ás inclemencias meteorolóxicas, o alumnado permanecerá nas súas aulas realizando actividades lúdicas, baixo a tutela do profesor ou profesora de garda. Os alumnos/as de Educación Infantil poderán baixar ao patio cuberto.



Nos recreos deberá observarse un comportamento respectuoso cos compañeiros e compañeiras, estando dispostos a colaborar nos xogos e axudar ao que o necesite, evitando os xogos perigosos que poidan danar aos alumnos e alumnas ou ás instalacións. Ante calquera problema ou incidencia, o alumnado deberá dirixirse ao profesorado de garda que procederá a tomar as medidas oportunas para resolver a cuestión.

Todo alumno ou alumna que reciba un golpe ou se produza algunha ferida deberá acudir ao profesorado que estea no patio.

Neste tempo utilizaranse os servizos da planta baixa e non se empregarán estes espazos para xogar.

Os alumnos e alumnas non poderán saír do recinto escolar nin subir ás aulas sen permiso dun profesor ou profesora.

Non se pode subir aos muros que pechan o colexio.

En caso de que caia algún balón fóra do recinto escolar, comunicaráselle ao profesorado de vixilancia para que vaia recollelo.

Utilizaranse sempre os contedores ou papeleiras para botar os residuos de comida, papeis, bolsas, etc. procurando non tirar nada ao chan.

Respectarase en todo momento as zonas dedicadas a xardíns, céspede, árbores, material deportivo, etc.

O alumnado irá directamente para as súas aulas cando entra a clase despois do recreo.

Estableceranse quendas por cursos para limpar o patio un día de cada semana.

8.11. TAREFAS EXTRAESCOLARES

O profesorado de Educación Primaria poderá propoñer a realización de actividades de reforzo ou ampliación ao seu alumnado de xeito que entronquen co adecuado desenvolvemento das súas competencias clave segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa; e a aquel que non tiveran rematado as tarefas no horario escolar ou que, por ausencia prolongada ou outras razón, non poidan seguir o ritmo normal de traballo dos



compañeiros/as da súa clase.

Terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de maneira que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao mesmo tempo, fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

8.12. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS INSTITUCIONAIS. COLABORACIÓNS.

Nunha dinámica educativa na que prima o coñecemento do entorno no que o alumnado se desenvolve, resulta absolutamente imprescindible aproveitar aquelas ofertas culturais e educativas que a sociedade poida xerar a través das súas organizacións cívicas ou institucionais e que axuden á consecución dos obxectivos propostos neste Proxecto Educativo ou nas Programacións Didácticas.

Así, o Centro estudará as ofertas de actividades presentadas polas Consellarías de Educación, Medio Ambiente, Cultura, Deporte, Sanidade... que poidan ser integradas na marcha do curso escolar. Tamén se estudarán as ofertas do Concello ou doutras institucións e se integrarán no Plan Xeral Anual cando isto favoreza a consecución dos obxectivos que o Centro pretende ou amplíe a oferta de actividades extraescolares programadas.

O Centro solicitará así mesmo a intervención do Servizo de Asistencia Social dependente do Concello naqueles casos que sexa necesario.

Os centros educativos son ás veces tentados por ofertas de empresas privadas, supostamente referendadas ás veces por organismos públicos e outras directamente, que baixo a aparencia de traballo escolar (concurso de debuxo, concurso de redacción...) encubre unha operación comercial. Este Colexio non contempla este tipo de actividades e, por tanto, non se levarán a cabo no mesmo.

8.13. CENTROS ADSCRITOS.



A E.E.I. Dean Grande, situada na Avda. da Coruña de Ribeira está adscrita ao noso Centro polo que o alumnado que remate a etapa de Educación Infantil na citada escola pasará ao noso centro para cursar a etapa de Educación Primaria. Así mesmo, este centro está adscrito ao IES Nº 1 do Concello de Ribeira. As alumnas e alumnos que superan a etapa de Educación Primaria ou, pola idade, promocionan ao ensino secundario, quedan automaticamente inscritos no Instituto de destino, debendo no seu momento confirmar a matrícula.

8.14. OFERTA DE IDIOMAS.

O colexio oferta para a área de Lingua Estranxeira dúas posibilidades:

- Francés
- Inglés

Ao formalizaren a matrícula dos seus fillos e fillas, os pais e nais ou os titores correspondentes, serán informados sobre esta materia e deberán cubrir un impreso no que manifestarán a súa preferencia.

Para impartir unha lingua estranxeira, deberán formarse grupos de polo menos 10 alumnos e alumnas.

Xa dende os tres anos, as nenas e nenos son iniciados nunha lingua estranxeira, cun horario dunha sesión semanal, para ir adaptándose paulatinamente á mesma. Progresivamente, este horario se irá ampliando ata as tres horas semanais contempladas na lexislación para o alumnado de Educación Primaria.

8.15. OFERTA RELIXIOSA.

Impartirase o ensino de Relixión Católica ou Relixión Evanxélica a aqueles alumnos/as que as súas familias así o soliciten.

A finais de cada curso garantirase que os pais/nais ou titores/as legais poidan decidir se queren ou non o ensino da relixión para os seus fillos/as. Unha vez comezado o período lectivo non se poderá modificar a opción elixida ata que remate o mesmo.



8.16. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLO ENSINO DA RELIXIÓN.

O alumnado que os seus pais/nais ou titores legais non opten porque os seus fillos/as cursen ensinanzas de relixión recibirán ensinanzas de Atención Educativa en Educación Infantil e de Valores Sociais e Cívicos en Educación Primaria

8.16.1. ATENCIÓN EDUCATIVA

Para o alumnado de Educación Infantil que non reciba ensinanzas de Relixión, organizaránse actividades de carácter educativo que permitan garantirlles unha axeitada atención, sen que elo supoña unha discriminación algunha polo feito de non recibir ditas ensinanzas. Estas actividades non suporán a aprendizaxe de contidos asociados a calquera área da Etapa. Non serán obxecto de avaliación nin constarán nos documentos de avaliación do alumno/a.

Entre estas actividades podemos sinalara de xeito xeral:

- Reforzo e atención individualizada nas tarefas cotiás.
- Traballar as relacións sociais.
- Traballar os valores a través de contos e películas.
- Fichas de discriminación visual, auditiva...
- Actividades orientadas ao fomento da lectura e escritura.
- Xogos de lóxica: ensinar as regras do parchís, tres en raia, quebracabezas...
- Contos relacionados coa educación en valores.
- Xogos de expresión oral: teatro, dramatizacións, refráns, trabalinguas..

8.16.2. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

O alumnado de Educación Primaria cursará a materia de Valores Sociais e Cívicos.



Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas –persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

8.17. OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO EN CANTO A RECURSOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira é un Centro educativo que aposta por unha educación integral e de calidade.

Na oferta educativa deste Centro contéplase para todo o alumnado:

- Biblioteca Escolar: actividades de animación á lectura, encontros con autores, sesións de lectura, préstamo de libros...
- Informática e Medios Audiovisuais.
- Educación Integral: Educación Vial, Educación para a Paz, Educación para a Saúde, Educación para o Consumo...
- Educación artística: Pintura, Collage, Modelado, Manualidades,



Reciclaxe de papel e outros produtos de residuo.

- Xogos Populares
- Teatro...
- Educación Ambiental: Proxectos medioambientais, campañas de recollida de papel, plástico, pilas, cds, tóner...
- Horto escolar
- Normalización e dinamización lingüística e cultural
- Actividades extraescolares
- Saídas culturais
- Celebracións Cíclicas: Samaín, Magosto, Nadal, Antroido...
- Recitais, concertos musicais...

Concretaranse a comezos de cada curso escolar aquelas actividades que se vaian levar a cabo e incluíranse no Plan Xeral Anual.

8.18. RECURSOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS.

8.18.1. TRANSPORTE ESCOLAR

Funcionan tres rutas de transporte: una que recolle ao alumnado de Palmeira que vive a máis de dous quilómetros do centro e outras dúas dende Ribeira que recolle ao alumnado da Avenida de Ferrol, Deán e Avenida da Coruña. As diferentes paradas son as seguintes:

- **Ruta 1: Palmeira** (A carballa, Figueirido, Lagoíña, A Fonte)
- **Ruta 2: Xarás-Saiñas** (Xarás, Panadería Nogueira, Deán Grande-rúa Sidreiras, Fontáo, Saiñas)
- **Ruta 3: Deán Grande- Bicicletas Jovic** (Deán Grande-Norte, Gadis Hiper, Bicicletas Jovic)



8.18.2. COMEDOR ESCOLAR

Xestionado pola A.N.P.A. a través dunha empresa de catering e cun horario de 14:00 a 16:00 h.

As nenas e nenos están a cargo das monitoras que se ocupan tanto da comida: reparto, vixilancia... como de realizar actividades de hixiene e lúdicas con eles.

Os menús están deseñados por expertos nutricionistas e aprobados pola Xunta de Galicia polo que garanten o aporte óptimo de nutrientes para unha dieta equilibrada adaptado á idade dos nenos e nenas. Tamén se teñen en conta as circunstancias especiais que poidan ter algúns nenos ou nenas: alerxias...

Son **obxectivos** deste servizo:

- Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos pais e nais do alumnado.
- Facilitar ás familias os menús mensuais para completar de forma adecuada o resto das comidas diarias.
- Proporcionar ao alumnado unha comida de calidade: variada e equilibrada, introducindo alimentos de tempada, sobre todo froitas, verduras e hortalizas e adecuando ás receitas á época do ano.
- Ser un espazo de promoción de hábitos e comportamentos adecuados en relación á inxesta de alimentos.
- Facilitar a convivencia e o compañerismo entre o alumnado.
- Manter unha relación fluída coas familias.

8.18.3. PLAN MADRUGA:

O Plan Madruga é un servizo creado para axudar ás familias a conciliar mellor a súa vida laboral co horario escolar dos seus fillos/as, ampliando a



apertura do colexio antes do horario lectivo do mesmo. O horario vai dende as 7:00 horas ata as 9:00 horas e é xestionado pola ANPA.

Servizos:

- Atención do neno/a ata a entrada ao colexio.
- Elaboración de menús diarios saudables e equilibrados material de xogo e programa de actividades lúdico-educativas.
- Persoal especializado.

Obxectivos do programa:

- Educación para a saúde:
 - Promocionar unha alimentación variada e equilibrada
 - Potenciar o gusto pola variedade de sabores e o consumo de froitas frescas.
 - Poñer en práctica as normas hixiénico-sanitarias básicas.
 - Uso adecuado dos utensilios e mantemento de posturas correctas na mesa.
- Educación para a convivencia:
 - Fomentar o espírito de cooperación entre compañeiros/as nas tarefas do almorzo.
 - Lograr un comportamento correcto na mesas e crear un ambiente de diálogo e boa convivencia de grupo.
- Educación para o lecer:
 - Planificar actividades lúdicas que contribúan ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas.

8.19. A.N.P.A.

Funciona no centro unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as que traballa activamente, en estreita colaboración co centro, organizando as actividades extraescolares que teñen lugar de luns a xoves pola tarde, xestionando o comedor escolar, participando na organización de actividades, festas cíclicas...



O horario de atención ás familias e de luns a venres de 9:00 a 10:00 horas.

8.20. NORMAS PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR INSTITUCIÓNS, ASOCIACIÓNS, ...

Respecto ao préstamo das instalacións considerase que os medios de que dispón o Centro deben ser optimizados e han de poñerse ao servizo do entorno, coa única condición de que se faga un uso adecuado da mesma.

Polo tanto, para a utilización das instalacións do colexio por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar, presentárase a solicitude por escrito diante da Dirección, quen solicitará do Consello Escolar a aprobación, visto o informe, para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial da Consellaría de Educación, quen resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección Educativa.

A utilización das instalacións por parte da administración municipal, da asociación de pais e nais do alumnado, asociacións de antigos alumnos/as e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores/as, só se require a solicitude previa á Dirección do centro, cunha antelación mínima de tres días, que concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións dos centros poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos...

Para o uso ocasional e con carácter excepcional, o Director/a poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

En todos os casos anteriormente mencionados deberanse cumprir as seguintes condicións:



- Que se responsabilicen expresamente dos posibles danos en instalacións e materiais.
- Que se garanta que os espazos e locais utilizados queden en condicións de orde e limpeza.
- Que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.
- Que se cumpra o horario solicitado.
- Que non se acceda a ningunha outra instalación do centro que non sexa autorizada.
- Que non sexa unha actividade lucrativa e regrada.



9. CONCRECIÓN CURRICULAR

9.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

A adecuación dos obxectivos queda reflectida nas diferentes programacións didácticas anuais.

9.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA.

ÁREAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e literatura	4-G	4-G	4-G	4-G	4-G	3-G
Lingua Castelá e literatura	4-C	4-C	4-C	4-C	4-C	3-C
Matemáticas	5-C	5-C	4-C	4-C	5-C	5-C
Ciencias Sociais	3-G	2-G	3-G	2-G	2-G	3-G
Ciencias da Natureza	2-G	2-G	2-G	2-G	2-G	2-G
Lingua Inglesa	2-I	2-I	3-I	3-I	3-I	3-I
Educación Musical	1-G	1-G	1-G	1-G	1-G	1-G
Educación Plástica	1-I	1-I	1-I	1-I	1-I	1-I
Educación Física	2-C	2-C	2-C	2-C	2-C	2-C
Relixión /VSeC	1-G	2-G	1-G	1-G	1-G	1-G
Afondamentos/Reforzos			1-G			1-G
TOTAIS	25	25	25	25	25	25

G= Galego C=Castelán I=Inglés

9.3. CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE EN EDUCACIÓN PRIMARIA.

Para o decreto 105/2014, as competencias clave son capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa,



co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A competencia clave constitúe a dotación cultural mínima que calquera cidadán debe adquirir.

A competencia é a forma en que as persoas logran mobilizar todos os seus recursos persoais (cognitivos, afectivos, sociais, etc.) para acadar o éxito na resolución de una tarefa en diferentes contextos definidos. As competencias constitúen un tipo de aprendizaxe que se sitúa entre os comportamentos e as capacidades.

O citado decreto sinala 7 competencias clave:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A adquisición dunha competencia clave supón: a adquisición de habilidades prácticas coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e



outros compoñentes sociais e de comportamentos que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Caracterízanse pola súa transversalidade, dinamismo xa que non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que vanse desenvolvendo e van adquirindo maiores niveis de desempeño, o seu carácter integral, debe abordarse dende todas as áreas de coñecementos.

As competencias clave deben de estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares.

a) COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL): é a habilidade para expresar ou interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita, para interactuar lingüísticamente dun xeito axeitado. Mediante esta competencia o alumnado pode expresar as súas propias vivencias, falar de comportamentos e establecer vínculos co seu ámbito. Adquirir esta competencia supón o uso eficaz da lingua en contextos múltiples, orais e escritos, e o uso funcional da lingua estranxeira (inglés)

Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Utilizar a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregar de forma funcional a lo menos unha lingua estranxeira.

Contribución de distintas áreas:

- Ciencias sociais e naturais: análise do entorno, textos informativos, explicativos e argumentativos.
- E. Artística: explicación de procesos e solucións. Valoración da obra artística
- Relixión/valores sociais e cívicos: debates e reflexións
- Lingua e literatura castelá e galega: competencias sobre o uso xeral da linguaxe.



- Matemáticas: incorporación da linguaxe matemática a expresión habitual. Descrición de razoamentos e procesos: escoita de explicacións dos/das compañeiros/compañeiras.
- Todo isto sempre mediante a utilización do vocabulario específico das áreas, e nos distintos intercambios comunicativos que se producen.

b) COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT): é a habilidade para utilizar e relacionar os símbolos, os números, as súas operacións básicas, e as formas de expresión e razoamento matemático: para producir e interpretar diferentes tipos de información, para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de utilizar espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información para resolver problemas de situacións cotiás e tomar decisións

Contribución de distintas áreas:

- Ciencias sociais e naturais: técnicas e ferramentas matemáticas en contextos significativo de uso escaleiras, mesas, representacións, gráficas, porcentaxes...
- Lingua e literatura castelá e galega: argumentacións. Lectura, comprensión literal, inferencia de enunciados para resolver problemas. Interpretación e expresión de informacións e datos.
- Matemáticas: Aprendizaxe dos contidos, dirixido a súa utilidade por enfrontarse as ocasións nas que se empregan as matemáticas fora da aula.

c) COMPETENCIA DIXITAL: entraña o uso seguro e crítico das TIC`S para o traballo en clase, avaliar, almacenar, producir, presentar ou intercambiar



información, tamén atende á diversidade de necesidades e realidades do usuario.

Finalidade: supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente, avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos; ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas e ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información contrastándoa actuando é necesario e respectar as normas de conduta acordadas socialmente.

Contribución de distintas áreas:

- Ciencias sociais e naturais: procedementos que requiren códigos e linguaxes diversas para ser interpretadas.
- E. Artística: demostración de procesos. Aproximación a creación de producións artísticas. Análise da imaxe , do son e das súas mensaxes. Deseño de situacións creativas.
- E. Física: valoración crítica das mensaxes referidas ao corpo.
- Lingua e literatura castelá e galega: Uso social e colaborador da escrita. Composición de textos: planificación/ elaboración/revisión.
- L. Inglesa: comunicación en tempo real con outras persoas. Acceso a información. Contextos reais e funcionais da comunicación.
- Matemáticas: comprensión de informacións con cantidades e medidas.
- Linguaxes gráficos e estatísticos. Uso da calculadora e ferramentas tecnolóxicas.
- Relixión / valores sociais e cívicos: alfabetización dixital, busca de información e ampliación de coñecementos.



d) COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER: é a habilidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, leva consigo ser consciente do propio proceso de aprendizaxe e das necesidades de aprendizaxe de cada un, determinar as oportunidades dispoñibles, adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, buscar orientacións e facer uso delas. Esta competencia fai que o alumnado se apoie en experiencias vitais e coas aprendizaxes adquiridas os poida aplicar a novos coñecementos e capacidades en diversos contextos como na vida privada, profesional, educación e formación. A motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de xestionar e controlar as súas propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou autonomía persoal. Inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade cooperar ,de autoavaliarse e manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo isto desenvolvido a través de experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes tanto individuais coma colectivas.

Contribución de distintas áreas:

- Ciencias sociais e naturais: técnicas para aprender e/ou traballar en equipo, tratar a información. Reflexionar sobre o aprendido.
- E. Artística: experimentación con técnicas e materiais. Exploración sensorial, reflexión sobre os procesos de manipulación. Protocolos de indagación e planificación de procesos utilizables en outras aprendizaxes.
- E. Física: coñecemento das propias posibilidades e carencias.
- Relixión/valores sociais e cívicos: habilidades sociais, traballo en equipo, participación e argumentación.
- Lingua e literatura castelá e galega: reflexión sobre a aprendizaxe persoal e regulación das emocións.
- Matemáticas: uso de ferramentas matemáticas básicas, comprensión de información con apoios matemáticos, autonomía, perseveranza e esforzo para abordar situacións de complexidade crecente,



sistematización, crítica e comunicación de resultados e verbalización de procesos. Traballar a organización do pensamento, a construción de coñecementos e a confianza en si mesmo, reforzando e pensamento propio.

e) COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA: Esta competencia prepara as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional, especialmente en sociedades cada vez máis diversificadas e para poder resolver conflitos dunha forma eficaz. Prepara as persoas para participar plenamente na vida cívica grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas, ao compromiso de participación activa e democrática. Para un bo coñecemento do funcionamento social favorecendo a educación en valores e actitudes positivas de apertura e acollida cara a todas as persoas independentemente da súa raza, cor, sexo ou situación persoal.

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de comprender a realidade social na que vive; afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores éticos e prácticas democráticas; exercer a cidadanía actuando con criterio propio e contribuír á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas

Contribución de distintas áreas:

- Ciencias sociais e naturais: comprensión da realidade social: relacións próximas e relacións afastadas
- E. Artística: recoñecemento da riqueza cultural e artística
- E. Física: habilidades sociais. Recoñecemento da riqueza cultural: danzas, xogos populares...
- Relixión/valores sociais e cívicos: habilidades para vivir en sociedade. Habilidades sociais e relacións interpersoais . Universalización das propias aspiracións e dereitos. Impulso dos vínculos persoais. Enfrontar os conflitos por medio do diálogo. Interiorización de valores. Xerar un



sentimento de identidade compartida. Identificación dos dereitos e deberes dos cidadáns.

- Lingua e literatura castelá e galega: erradicar os usos discriminatorios da linguaxe.
- L. Inglesa: coñecemento dos feitos culturais das comunidades falantes.
- Tolerancia e integración : interese por coñecer outras culturas, por relacionarse con outros falantes
- Matemáticas: aceptación de outros puntos de vista na resolución de problemas.

f) SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR: enténdese a habilidade das persoas para transformar as ideas en actos. Desenvolver a creatividade, a innovación e asunción de riscos, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Ser conscientes do contexto no que se desenvolve o seu traballo e ser capaces de aproveitar as oportunidades.

Finalidade: Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico e chegar a acadar unha serie de calidades e habilidades persoais, sociais e de dirección e liderado.

Contribución de distintas áreas:

- Matemáticas: capacidade de recoñecer oportunidades, capacidade de adaptación ao cambio, manexo da incerteza e a resolución de problemas e proxectos. Capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións.
- Lingua e literatura castelá e galega: comunicación, presentación e representación e negociación efectiva. Pensamento crítico.
- Ciencias sociais e naturais: coñecer o contexto no que as persoas viven e traballan, comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento



das sociedades e organizacións sindicais e empresariais, así como as económicas e financeiras

- Relixión / valores sociais e cívicos: predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa; autocoñecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo. Motivación a hora de cumprir obxectivos ben sexan persoais ou comúns.

g) CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI: apreciación da importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios, incluídos a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas. Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e consideralas como patrimonio dos pobos..

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de ter adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas; aplicar habilidades de pensamento diverxente e traballo colaborador; adoptar unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora e mostrar interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

Contribución de distintas áreas:

- Ciencias sociais e naturais: coñecemento e valoración das manifestacións culturais.
- E. Artística: coñecemento de códigos artísticos. Técnicas e recursos para percibir e comprender o mundo, expresarse e comunicarse. Desenvolvemento de criterios persoais.
- E. Física: expresión de ideas ou sentimentos a través da exploración das posibilidades e recursos do corpo e do movemento. Recoñecemento das manifestacións culturais da motricidade humana (deportes, xogos



tradicionais, actividades expresivas...) Apreciación e comprensión do feito cultural.

- Lingua e literatura castelá e galega: lectura, comprensión e valoración das obras literarias.
- L. Inglesa: introdución de textos e modelos lingüísticos de cariz literario e cultural.

9.4. INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS, DA EDUCACIÓN EN VALORES

9.4.1. EDUCACIÓN EN VALORES EN EDUCACION INFANTIL

O noso centro orientará aos alumnos na comprensión da realidade social na que viven; a cooperar, convivir, e a exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural.

Dende as 3 áreas de coñecemento en Educación Infantil desenvolveranse as seguintes habilidades e actitudes e comportamentos:

A.- AREA DE AUTOÑOCEMENTO E AUTONOMIA

- Valoración positiva e respecto polas diferenzas; aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Actitude crítica ante os estereotipos oferta dos través da publicidade e outros medios de comunicación social.
- Actitude de axuda e cooperación con iguais e persoas adultas.
- Aceptación de compromisos, fortalecendo vínculos afectivos: amizade, cooperación, axuda, solidaridade...
- Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Regulación do comportamento para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.



- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo dos demais.
- Hábitos saudables: Hixiene corporal e ambiental adecuada, alimentación e consumo responsable e descanso.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables, colaborando no seu mantemento.
- Gusto por un aspecto persoal coidado.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades.

B.- AREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Valoración da necesidade da auga, da súa conservación e de facer uso responsable dela.
- Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar
- Respecto polos tipos de familia diferentes ás nosas.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia. Actitude de colaboración.
- Evitar estereotipos sexistas nas diferentes profesións e servicios da súa comunidade.
- uso do diálogo como medio de comportamento e para resolver conflitos cotiáns.

C.-LINGUAXES: COMUNICACIÓN REPRESENTACIÓN

- Utilización da lingua oral como mecanismo para regular a propia conduta.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...



- Actitude positiva cara a lingua estranxeira.

9.4.2. EDUCACIÓN EN VALORES EN EDUCACION PRIMARIA

a) LINGUAS GALEGA, CASTELÁ E INGLESA:

A educación en valores incorpórase nas linguas, a través dos seguintes obxectivos:

- Respetar os compañeiros e manter unha relación cordial.
- Fomentar a lectura como unha alternativa atractiva para ocupar o tempo de lecer.
- Respetar os comportamentos das persoas como base para a boa convivencia en sociedade.
- Valorar e respetar as tradicións propias e as doutras culturas.
- Promover condutas solidarias e de axuda.
- Respetarse un mesmo e respetar os demais.
- Participar en actividades de grupo respectando as normas establecidas.
- Valorar e aplicar as normas básicas de cortesía.
- Fomentar a lectura de cómics como unha alternativa atractiva para ocupar o tempo de lecer.
- Respetar o traballo persoal como un medio para conseguir certos obxectivos na vida.
- Valorar as actitudes de amizade e de axuda.
- Respetar e valorar a variedade lingüística e cultural.
- Fomentar as relacións interpersoais sobre a base da comunicación.
- Fomentar o consumo responsable dos medios de comunicación social.
- Favorecer e valorar as relacións interpersoais.
- Sensibilizar o alumnado cara á cultura popular de tradición oral.
- Fomentar e valorar comportamentos de amizade e axuda.

b) MATEMÁTICAS:

Algúns temas transversais implicados nas Matemáticas neste son:

- Educación para la igualdade de oportunidades entre ambos sexos: desenvolvemento de actitudes de tolerancia e respecto cara os compañeiros e compañeiras do outro sexo.
- Educación para a paz: actitude de respecto polas normas de funcionamento, realizando con responsabilidade as tarefas encomendadas.
- Educación viaria: desenvolvemento de actitudes positivas con relación ao uso responsable das vías públicas. Respecto as normas e las sinais de tráfico, como forma de regular os desprazamentos das persoas nas vías públicas.
- Educación moral e cívica: curiosidade e respecto pola vida cotiá de outras persoas. Respecto cara o que ten menos. Toma de conciencia das diferencias, das necesidades e das achegas dos compañeiros. Colaboración na planificación e a realización das actividades de grupo. Aceptación, dentro da distribución do equipo do rol que lles ha tocado desempeñar. Actitude de respecto polas normas e as regras do xogo. Valoración do traballo en grupo. Adquisición de actitudes e hábitos de solidariedade. Respecto polos puntos de vista distintos de los propios. Colaboración na planificación e a realización das actividades de grupo.
- Educación para o consumo: valoración do aforro. Comparación de prezos. Análises das ofertas relacionando cantidade - peso.
- Educación ambiental: desenvolvemento de actitudes de respecto e conservación do medio natural. Coidado e respecto cara as plantas. Valoración da necesidade dunha relación equilibrada entre as persoas, os animais e as plantas dentro do noso planeta. Coidado e respecto cara os animais e as plantas. Desenvolvemento de actitudes de respecto e conservación del medio natural. Pracer e gusto polas actividades ao aire libre.



- Educación para a saúde: valoración da importancia dunha dieta sa e equilibrada para un desenvolvemento corporal óptimo. Interese e gusto polo coidado persoal. Desenvolvemento de hábitos de limpeza, de saúde, de alimentación sa e de prevención de enfermidades.

c) CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA:

A educación en valores incorpórase en coñecemento do medio, a través dos seguintes obxectivos:

- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Valorar os comportamentos de coidado da atmosfera e a hidrosfera e, en xeral, as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, valorando, en particular, os espazos forestais.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Valorar os comportamentos de aforro de enerxía e auga e, en xeral, as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.
- Valorar a achega da ciencia e do traballo dos científicos ao benestar da humanidade.



- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, con actitude crítica e responsable.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas os intereses das cales non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e goce da circulación viaria.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación e de todas as súas expresións culturais como motor de desenvolvemento das vilas.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Participar no coidado da hidrosfera e no aforro da auga e valorar, en xeral, as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.
- Considerar as paisaxes e os elementos que os constitúen como un valor tanto económico como cultural e natural, e valorar as actitudes que controlan a súa deterioración.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e considerara biodiversidade como un valor e un recurso do planeta que estamos obrigados a protexer
- Participar decidida e solidariamente na protección dos espazos naturais e dos recursos biolóxicos en xeral.



- Adquirir respecto cara aos seres vivos e prepararse para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, con actitude crítica e responsable.
- Crear hábitos de hixiene física e mental que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
- Respetar e coñecer a pluralidade lingüística de Galicia e España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación e de todas as súas expresións culturais como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e unha actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Valorar a achega da ciencia e do traballo dos científicos ao benestar da humanidade.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais e valorar as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.



d) EDUCACIÓN FÍSICA:

Os temas transversais implicados na Educación Física son:

- Educación para a saúde e calidade de vida: adquisición de hábitos saudables: hixiene e coidado corporal, alimentación san, exercicio físico, prevención de accidentes...
- Educación ambiental: actividades que axuden a gozar, respectar e coidar o entorno.
- Educación para a paz: a práctica de actividades físicas propicia situacións de tensión que é necesario resolver cunha actitude de diálogo e respecto.
- Educación do consumidor: é importante desmitificar a carga consumista que ten o material deportivo, e sobre todo algunhas marcas e personaxes públicos.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: respectaranse as características de cada alumno, contribuíndo a eliminar os estereotipos sexistas.
- Educación para o ocio e tempo libre: ensinarase a gozar do tempo libre por medio da actividade física (xogos populares e tradicionais, deportes, etc.).
- Educación viaria :ensinarase ao alumnado a desprazarse de forma autónoma e segura polo entorno, que coñeza as sinais, normas de circulación, etc.

e) EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

A través dos seguintes valores, incorpórase a educación transversal na educación plástica e musical:

- Coidado da natureza e do medio ambiente.
- Valoración da creatividade.
- Amizade.
- Paciencia.
- Respecto.
- Gratitude.
- Compañerismo.



- Xenerosidade.
- Aceptación.
- Orde.
- Solidariedade.
- Sinceridade.
- Confianza.
- Educación para a Paz.
- Interese polo coñecemento.
- Comunicación.
- Participación en equipo.
- Lealdade.
- Autoestima.

10.METODOLOXÍA XERAL

A Comunidade Educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe dos nosos alumnos/as dentro do proceso de ensino. Por iso cremos oportuno que o alumno/a sexa protagonista activo do seu proceso de aprendizaxe, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese). De forma globalizada o máximo posible, sobre todo en E. Infantil e secuenciada de forma gradual. Buscarase unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

Por tanto a nosa metodoloxía será:

- Activa
- Participativa
- Individualizada
- Socializadora
- Potenciadora da autoestima e do éxito
- Así como motivadora.

Todo iso encamiñado a conseguir que os nosos alumnos/as sexan:



- Responsables
- Autónomos
- Sociables
- Tolerantes
- E que aprendan a vivir en sociedade.

10.1. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado concretando os distintos elementos do currículo

Desde o día 1 de setembro de cada ano escolar e ata o inicio das clases, o profesorado, ben individualmente ben formando parte dos órganos de coordinación didáctica correspondentes, baixo a dirección dos seus responsables, colaborará na elaboración dos proxectos educativos e concrecións de currículos. Neste período, o Equipo de Ciclo de Educación Infantil e os Equipos Docentes de cada curso, baixo a coordinación e dirección da respectiva, coordinación de ciclo ou do/a profesor/a titor/a, dedicaranse a elaborar a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, ás áreas ou materias e a organizar o curso escolar.

Previamente ao inicio do curso, o profesorado responsable da coordinación de ciclo na Educación Infantil e o titor ou titora de curso fará entrega da programación didáctica á xefatura de estudos. Cando haxa máis dunha persoa titora por curso, desenvolverá a función o titor ou a titora que designe a dirección, oídos todos/as os/as titores/as de curso.

A dirección do centro remitirá as programacións didácticas á Inspección educativa, que comprobará a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes.



Ao inicio de curso, o profesor ou profesora responsable da coordinación de ciclo na Educación Infantil e o titor ou titora de curso elaborará a información básica relativa á programación didáctica, que dará a coñecer á comunidade educativa. Así mesmo, o profesorado informará o alumnado das programacións didácticas da súa área ou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e o grao mínimo de consecución.

10.2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Á hora de elaborar a programación didáctica en Educación Infantil teranse en conta os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización
- b) Áreas curriculares
- c) Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias clave
- d) Obxectivos
- e) Contidos
- f) Avaliación
 - Criterios de avaliación
 - Mínimos esixibles para obter unha valoración positiva
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- g) Metodoloxía
- h) Materiais e recursos
- i) Actividades complementarias
- j) Atención á diversidade
- k) Concreción do plan de convivencia

- l) Concreción do plan das tecnoloxías da información e a comunicación para o ciclo
- m) Procedementos para avaliar a programación

10.3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Á hora de elaborar a programación didáctica en Educación Primaria teranse en conta os seguintes elementos:

1. Índice paxinado.
2. Introducción e contextualización.
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave
4. Concreción de obxectivos por curso
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e Instrumentos avaliación
Indicar os obxectivos da etapa fixados no Decreto correspondente polo que se establece o currículo, de xeito codificado (a., b., c., ...)	Desenvolver secuenciados os contidos establecidos no Decreto correspondente	Os recollidos no Decreto correspondente relacionados cos contidos desenvolto, indicalos de xeito codificado (B1.1, B1.2,...)	Os relacionados cos criterios de avaliación e de xeito codificado (LCLB1.1.1., LCLB1.1.2., ...)	As asociadas aos estándares de aprendizaxe de xeito codificado (CCL, CMCCT,...)	Establecer a temporalización (por avaliación, por exemplo)	. Establecer o grao mínimo de consecución de cada un dos estándares de aprendizaxe para acadar unha cualificación positiva	Reflectir os instrumentos de avaliación que se empregarán para comprobar se se acadaron os obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias clave

6. Concrecións metodolóxicas da materia
7. Materiais e recursos didácticos.
8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

10. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados
11. Medidas de atención á diversidade
12. Actividades complementarias e extraescolares do departamento
13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

10.4. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é o principio fundamental para proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas de todo o alumnado. Polo tanto, desde o noso centro, teremos en conta as seguintes liñas xerais:

- Levar a cabo unha educación inclusiva e normalizadora, o que implica que todos os nenos e nenas aprendan xuntos, independentemente das súas condicións persoais, socioculturais ou ambientes desfavorecidos, incluídos aqueles que presenten algunha diversidade funcional. Levando a cabo un modelo de escola na que non existen "requisitos de entrada", nin mecanismos de selección ou discriminación de ningún tipo, para facer realmente efectivos os dereitos á educación, á igualdade de oportunidades e á participación.
- Aplicar as medidas de atención á diversidade (ordinarias e extraordinarias) no centro, para que todo o alumnado que precise dunha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.
- Potenciar o seguimento do proceso individual realizado por cada alumno e a atención ás necesidades en xeral e ás necesidades específicas de apoio educativo en particular.
- Desenvolver propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de alumnado presente no centro.



- Propiciar o traballo colaborativo entre a comunidade educativa para poder acadar o desenvolvemento das competencias en todo o alumnado.

10.5. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACION DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

Partimos da idea de que a orientación e a acción titorial forman parte da función docente, e ten as seguintes metas: orientar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe e desenvolvemento persoal, coordinar a acción educativa e o proceso de avaliación levados a cabo polo conxunto do profesorado de cada equipo docente, establecer relacións fluídas e mecanismos de coordinación coas familias do alumnado, e contribuír á prevención e identificación temperá das dificultades de aprendizaxe, coordinando a posta en marcha das medidas educativas pertinentes tan pronto como se detecten as dificultades.

Polo tanto, as liñas xerais a seguir son as seguintes:

1. Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e na vida do centro, promovendo a súa participación activa.
2. Favorecer o traballo coordinado do equipo docente de cada grupo-clase co fin de facer máis eficaz a tarefa docente e poder adaptala mellor ás características de cada grupo e de cada alumno.
3. Potenciar o seguimento do proceso individual realizado por cada alumno e a atención ás necesidades en xeral e ás necesidades específicas de apoio educativo en particular.
4. Favorecer a formación dos titores/as coa finalidade de que poidan desempeñar as súas funcións da forma máis axeitada ás características do seu grupo.



5. Potenciar a coordinación entre toda a comunidade educativa co fin de desenvolver as funcións da forma máis axeitada levando a cabo unha labor preventiva e de identificación temperá.
6. Orientar e apoiar os contactos periódicos do titor/a coas familias co fin de establecer colaboracións concretas ou pautas comúns, na busca dunha maior eficacia e coherencia na educación.

11. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

11.1. AVALIACIÓN EN EDUCACION INFANTIL

A avaliación na Educación Infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo.

A avaliación, que formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

Servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes. Para estes efectos, os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

11.2. AVALIACIÓN INICIAL

Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de Educación Infantil, as persoas titoras dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Así mesmo, esta avaliación realizarase cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro. A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os



informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.

A avaliación inicial completarase coa información obtida na observación directa por parte dos profesionais que atenden as nenas e nenos sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

11.3. AVALIACIÓN CONTINUA

Ao longo do ciclo, e de forma continua, a persoa que exerza a titoría utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e as dificultades do seu alumnado, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados.

11.4. AVALIACIÓN FINAL

Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Nesta valoración considerarase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e , se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. O informe final anual correspondente ao



último curso do ciclo pode ser substituído por este informe final de ciclo, a criterio do equipo docente.

11.5. AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o exercicio da práctica docente.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.



No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro, ao inicio do curso, adoptará as medidas precisas para informar o alumnado e as familias acerca dos contidos e dos criterios de avaliación, dos estándares de aprendizaxe, das estratexias e dos instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación e promoción.

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Ao longo de cada un dos cursos realizaranse, polo menos, tres sesións de avaliación para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán presididas pola persoa titora, quen levantará unha acta en que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.

Ao rematar o terceiro curso de Educación Primaria realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e



comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

Ao rematar o sexto curso realizarase unha **avaliación final individualizada** naqueles centros seleccionados pola Administración, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran no Currículo de Primaria.

11.6. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

11.6.1. PROMOCIÓN DE CURSO E DE ETAPA

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

11.6.2. AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NEAE

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

11.6.3. EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA

Tal e como se recolle na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega; o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, poderá obter unha exención temporal da cualificación das



probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

11.6.4. PLAN ESPECÍFICO PARA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

A decisión de que un alumno/a permaneza un ano máis no mesmo curso irá acompañada dun Plan específico de reforzo e de recuperación arredor das competencias clave e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Para a elaboración deste plan seguiranse os seguintes pasos:

- Valoración do Departamento de Orientación.

Farase en base aos datos que constan no departamento acerca do alumno/a:

- Plan de avaliación da linguaxe oral aplicado en Educación Infantil
- Plan de avaliación inicial de Educación Primaria
- Plans de seguimento de Educación Primaria que se aplican ao rematar cada nivel.
- Plans de avaliación das matemáticas que se aplican o remate de cada Nivel de Educación Primaria
- Probas aplicadas en exclusiva a este alumno/a
- Revisión do seu expediente no que poden constar informes médicos ou psicopedagóxicos, historial escolar.....
- Valoración psicopedagóxica ou aplicación de novas probas si se considera necesario



- Avaliación inicial realizada por o profesor/a de cada área. Esta avaliación realizarase en base a:
 - A análise dos informes persoais do curso anterior.
 - Información obtida das familias
 - Información recibida do departamento de orientación
 - Elaboración dun programa de intervención
- Adoptar as medidas necesarias.

Pódense adoptar as seguintes medidas segundo se considere en cada caso:

- Reforzo educativo dentro da aula a cargo do profesor/a de área
- Reforzo educativo dentro ou fóra da aula a cargo dun profesor/a especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe e neste caso indicaranse o número de sesións á semana.

En base as conclusión do apartado anterior será necesario elaborar un programa de intervención naquelas áreas que se considere necesario.

En caso de que o alumno/a necesite apoio dun profesor/a especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe o programa será elaborado e coordinado entre o profesor/a de área e o/a especialista correspondente na área ou áreas nas que este último intervén. Nas áreas nas que o profesor/a especialista non intervén será o profesor/a de área o responsable de dito plan.

No programa de intervención deben de figurar obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias clave, metodoloxía, materiais curriculares e outros recursos e procedementos e instrumentos de avaliación.

- Seguimento

Realizarase nas avaliacións e en base os resultados revisarase e faranse as modificacións necesarias no plan de intervención.

11.7. SESIÓN DE AVALIACIÓN. PROCEDIMENTO.



Os Equipos de nivel, nos que se integran as profesoras e profesores responsables dun grupo-clase así como o profesorado que imparte algunha das especialidades nos diferentes cursos, constitúense como grupos de reflexión e de investigación na acción educativa. A avaliación non é allea a este cometido. De todos xeitos, durante o curso se levarán a cabo, de maneira formalizada, catro sesións de avaliación: unha sesión de avaliación inicial (co fin de axustar os apoios nas aulas e posibles derivacións ao Dpto. de orientación, se procede) e as outras tres ao remate de cada trimestre, nas que se tomarán as decisións sobre a avaliación do alumnado e a súa promoción cando corresponda, en función dos criterios contemplados nas Programacións Didácticas. A coordinación destas sesións correrá a cargo dos titores/as en colaboración coa Xefatura de Estudos.

11.8. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

O claustro está, dende hai moitos cursos, inmerso nunha dinámica de autoavaliación do propio labor e da actividade do centro no seu conxunto. Temos en conta os resultados obtidos na elaboración das programacións e actividades posteriores. Ao longo do curso, os diferentes equipos docentes temos integrada na nosa metodoloxía de traballo a avaliación dos distintos aspectos dos procesos de ensino-aprendizaxe, revisándose, como consecuencia dos resultados obtidos desta avaliación, aquelas cuestións que se consideren oportunas das programacións didácticas e das programacións de aula.

11.9.INDICADORES DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Programo a miña actividade educativa tendo como referencia a Programación Didáctica.

- Marco os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que os meus alumnos e alumnas deben conseguir coa intervención educativa.



- Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión axeitada ás características do grupo de alumnos/as.
- Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características do alumnado.
- Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos...) axustados á Programación Didáctica e ás necesidades e intereses do alumnado.
- Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación para facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao en que alcanzan as aprendizaxes.
- Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (de nivel, de ciclo, de apoio e equipos de traballo).

11.10. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

Para que este Proxecto Educativo non se converta nun elemento ineficaz e sexa, en cambio, un instrumento útil para a mellora da xestión do Centro, é necesario revisar frecuentemente a súa implantación, grao de utilidade e validez. A avaliación será continua, formativa e sumativa tendo en conta os obxectivos do proxecto e a estrutura organizativa do Centro.

a) Avaliación continua

A avaliación do proxecto será continua, formando parte integrante do proceso da actividade do Centro e orientada a proporcionar á comunidade educativa, de xeito permanente, a información sobre o seu funcionamento, tendo como referente inmediato os obxectivos presentados.

b) Avaliación formativa



A avaliación terá tamén un carácter formativo, orientándose á mellora do proceso e dos resultados obtidos, permitindo a adecuación, en cada momento, á satisfacción das necesidades organizativas e de funcionamento do Centro para evitar a aparición de dificultades ou, caso de producirse, detectalas de contado e poñelo oportuno remedio mediante as pertinentes medidas correctoras que en cada caso procedan.

c) Avaliación sumativa

Entendida como comprobación periódica de resultados e coa posibilidade da participación de avaliadores externos. Ten este tipo de avaliación unha presentación retrospectiva e de "rendición de contas". Na súa avaliación deberá considerarse, en todo caso, o contexto do Centro, o seu deseño e obxectivos, os procesos de aplicación e os resultados obtidos.

Dáse por suposto entendido que as sucesivas Programacións Xerais Anuais (P.X.A.) do Centro se xerarán e elaborarán a partir do presente proxecto e deben ser en todo caso coherentes co mesmo. A P.X.A. será avaliada a partir dun enfoque formativo durante diversos períodos ou fases do curso escolar (de forma trimestral, principalmente) e mediante un enfoque sumativo ao finalizar o curso. Os resultados destes procesos de avaliación servirán, por unha parte, de base para a elaboración da Memoria Anual de actividades e, por outra, de información retroactiva sobre a análise do contexto, o contido do PE e as normas de organización e funcionamento.

O procedemento inclúe un inventario de indicadores. Dos resultados anotaranse todas as alternativas que xurdan para a mellora do proxecto.

INDICADORES PARA A VALORACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

- PE é un claro reflexo da identidade do centro
- PE responde ás necesidades do entorno e do alumnado
- PE responde ás intencións educativas actuais
- PE é suficientemente coñecido pola comunidade educativa



- As finalidades son compartidas
- A revisión do PE está organizada e parte da experiencia compartida

O documento do PE respecta a estrutura proposta polo Regulamento orgánico:

- Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica
- Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PE
- Coñécese o NOF
- ¿Compártese o contido do NOF?
- ¿Coñécese o DOC e a súa composición?
- documento da PXA respecta a estrutura proposta polo NOF

A PXA incorpora os aspectos que se valoraron como mellorables o curso anterior

- É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro
- É unha ferramenta de consulta e apoio
- Proxecto Curricular está actualizado
- Proxecto Curricular está contextualizado á realidade do centro
- PE desenvolve os principios educativos do PE
- documento do PE respecta a estrutura determinada pola normativa
- PE está difundido suficientemente e serve de referente ás Programacións
- A revisión do PE está organizada e vense desenvolvendo de forma continua para facilitar a súa adaptación

O Presente Proxecto Educativo foi presentado ao Consello Escolar e aprobado na súa totalidade o día 29 de xuño do 2021, sendo de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa.

